Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 23/11/2020 05:12:27
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 51
23 de novembro de 2020

Fascículo 3

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa
1.1.2. Propostas de normas
1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 5164) 18589
— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 5171) 18610
— Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 5179) 18630

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

5637 (11/PPL-000001)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Proposición de lei de modificación da lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia 18633

Resolución da Presidencia, do 23 de novembro de 2020, pola que se acorda a tramitación da Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, polo procedemento de urxencia (5637, 11/PPL-000001) 18586

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.1. Organización e normas de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia
3.1.1. Normas e acordos
3.1.1.1. Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento e Galicia

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 23 de novembro de 2020, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia 18587

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia

A Mesa da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do día 19 de novembro de 2020**,** adoptou o seguinte acordo:

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia.

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado:

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 5164)
— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 5171)
— Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 5179)

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 23 de novembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 5637 (11/PPL-000001)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Proposición de lei de modificación da lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifeste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Resolución da Presidencia, do 23 de novembro de 2020, pola que se acorda a tramitación da Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, polo procedemento de urxencia (5637, 11/PPL-000001)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 5748, o escrito das deputadas e deputados do G. P. Popular de Galicia polo que solicitan a tramitación polo procedemento de urxencia da Proposición de lei de modificación da lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (5637, 11/PPL-000001).

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Tramitar a Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia polo procedemento de urxencia.

2º. Dar conta deste acordo á Mesa na reunión do 24 de novembro de 2020.

3º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios e á Xunta de Galicia.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.1. Organización e normas de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia

3.1.1. Normas e acordos

3.1.1.1. Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento e Galicia

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 23 de novembro de 2020, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia

O Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (DOG núm. 87, do 7 de maio de 2018 e núm. 36, do 20 de febreiro de 2019) dispón, no artigo 30.3, relativo ás subvencións públicas que se concedan, que a contía que se subvencione non será superior ao 80 % dos gastos realizados.

Ante a emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus SARS-CoV-2 (covid-19), que está a xerar unha crise sen precedentes que afecta todos os sectores e individuos, ademais de no eido sanitario, no ámbito económico e social, as distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra esta pandemia e outras complementarias para afrontar as necesidades das persoas en situación de risco social e en situación de vulnerabilidade, incrementada por mor desta situación.

En consecuencia, considérase preciso introducir unha excepción ás subvencións públicas que se tramiten dirixidas á atención desta emerxencia social.

Polo exposto, a Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión do 23 de novembro de 2020, ao abeiro do disposto no artigo 30.1.2ª do Regulamento do Parlamento de Galicia, dispón:

Artigo único*. Modificación do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia*

Introdúcese unha disposición adicional no Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia do seguinte teor:

«Disposición adicional

O estipulado no artigo 30.3 deste regulamento exceptúase, con carácter puntual, para as subvencións públicas que poida conceder o Parlamento de Galicia de cara a afrontar a situación de emerxencia social derivada da covid-19, de xeito que poderán alcanzar o 100 % dos gastos subvencionables, sempre que exista dotación orzamentaria.»

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta modificación publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5164
Data envio: 11/11/2020 16:13:59.961

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PL-000003).

Emenda nº1, ao apartado b), de Modificación. Artigo 3

onde di: ... Galicia e/ou a entidade pública instrumental do sector...", debe dicir: "... Galicia, a entidade pública instrumental e/ou outras entidades instrumentais do sector..."

Emenda nº2, ao apartado i), de Modificación. Artigo 3

Onde di "...fóra de España retornen...", debe dicir:"...fóra de Galicia retornen..."

Emenda nº3, ao apartado b), de Modificación. Artigo 4

onde di: "... familia, como elemento...", debe dicir: "....familias na plena e absoluta diversidade, como elemento..."

Emenda nº4, ao apartado c), de Modificación. Artigo 4

Engadir in fine: ...., así como pola lexislación vixente en cada momento en relación con esta materia."

Emenda nº5, ao apartado d), de Modificación. Artigo 4

Onde di:"... aproxime o PIB...", debe dicir: "aproxime o máximo posible o PIB..."

Emenda nº6, ao apartado d), de Modificación. Artigo 6

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Onde di: "... numerosas ou as familias...", debe dicir: "...numerosas, as familias con persoas maiores a cargo, as familias con persoas con discapacidade a cargo, as familias con persoas dependentes a cargos, as familias acolledoras ou as familias..."

Emenda nº7, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 7

Engadir in fine: "... de maneira transversal a través de todas as consellerías do Goberno autonómico."

Emenda nº8, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 8

Onde di:"... prazo de dez días...", debe dicir: ".... prazo de quince días..."

Emenda nº9, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 9

onde di:"... público un informe...", debe dicir: "..público dentro do primeiro trimestre do ano dun informe..."

Emenda nº10, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 10

Engadir in fine: "....a través da Comisión para o Impulso Demográfico."

Emenda nº11, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 10

Onde di: "... Galicia no deseño...", debe dicir: ...Galicia e a Administración Xeral do Estado no deseño..."

Emenda nº12, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 12

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Modificación do artigo 12.2, que quedará redactado co seguinte contido:

"2. Dentro dos criterios de repartición do Fondo de Cooperación Local incluirase o esforzo orzamentario dos concellos en materia demográfica, e, para estes efectos, crearase nel un fondo complementario destinado ao equilibrio demográfico territorial. En todo caso este novo fondo específico non detraerá contía algunha dos fondos actuais e obedecerá a criterios obxectivos que deberán ser conformados de acordo ás entidades locais."

Emenda nº13, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 12

onde di:".. instrumentos que faciliten... ", Debe dicir: "..instrumentos e mecanismos de apoio económico que faciliten..."

Emenda nº14, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 12

Adición dun novo punto 3 bis) que quedará redactado co seguinte contido:

"3 *bis)* As administracións públicas impulsarán medidas para que na participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma se introduzan os criterios de dispersión e envellecemento da poboación no reparto de fondos entre as entidades locais."

Emenda nº15, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 13

Engadir in firne: "... así coma potenciar o talento asociado á contorna da nosa terra."

Emenda nº16, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 15

Onde d: "... en xeral e ás persoas...", debe dicir: "...en xeral, tanto persoas físicas como xurídicas e ás persoas ..."

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº17, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 15

Onde di: "... directas das políticas...", debe dicir: "...directas destas políticas..."

Emenda nº18, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 16

Engadir in fine: "...e garantiranse as condicións de igualdade na concorrencia das pequenas e medianas empresas."

Emenda nº19, ao apartado c), de Modificación. Artigo 18

Engadir in fine: "...que concluirá anualmente coa presentación do correspondente informe no primeiro trimestre do ano."

Emenda nº20, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 19

Onde di: "... Galicia en materia...", debe dicir: "...Galicia e a Administración Xeral do Estado en materia .."

Emenda nº21, ao apartado 3.a), de Modificación. Artigo 19

Engadir in fine: "...., as deputacións provinciais de Galicia e a Administración Xeral do Estado."

Emenda nº22, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 19

Modificación do artigo 19.5, que quedará redactado co seguinte contido:

"5. A comisión terá unha composición paritaria entre todas as súas persoas membros. Cada Administración representada deberá garantir, en todo caso, o cumprimento da paridade á hora de escoller as súas persoas representantes."

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Emenda nº23, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 19

Modificación do segundo parágrafo do apartado 6:

"Onde di:"... Provinciais. As proposta...", debe dicir: "...Provincias e estará integrada polo mesmo número de persoas membros ca representación da Administración autonómica. A proposta ..."

Emenda nº24, ao apartado 6, de Adición. Artigo 19

Adición dun novo parágrafo terceiro ao punto 6, que quedará redactado co seguinte contido:

"En representación da Administración do Estado formará parte desta comisión o delegado ou delegada do Goberno en Galicia ou persoa na que este delegue."

Emenda nº25, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 19

Modificación do último prarágrafo do punto 6.
Onde di: As persoas para...", debe dicir: "As persoas designadas para..."

Emenda nº26, ao apartado 10, de Modificación. Artigo 19

Engadir in fine: "... no prazo de 15 días dende que se produzan."

Emenda nº27, ao apartado 10 bis), de Modificación. Artigo 19

Adición dun novo apartado 10.*bis),* que quedará redactado co seguinte contido:

"10. *bis)* A comisión aprobará o seu regulamento interno de funcionamento."

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5164
Data envio: 11/11/2020 16:13:59.961

Emenda nº28, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 20

Onde di: "... atendenrase o pincipio...", debe dicir: "atenderase obrigatoriamente o principio..."

Emenda nº29, ao apartado 4.a), de Modificación. Artigo 20

Engadir in firne: "...que será sometida obrigatoriamente á Comisión para o Impulso Demográfico para o seu estudo e emisión dun informe no que se plasmen a súas consideracións ao respecto, antes de sometela á súa aprobación."

Emenda nº30, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 22

Onde di: "... publicará un informe anual do custo de crianza e eduación dos fillos e fillas ata a súa emancipación, que podera....", debe dicir: "...publicará ,no primeiro trimestre do ano, un informe anual cos aspectos claves que considere pertinentes para abordar a materia, que poderá..."

Emenda nº31, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 22

Adición dun novo punto 3. *bis)* que quedará redactado co seguinte contido:

"3. *bis)* Promoverase a máxima coordinación e colaboración cos estudos e/ou documentos que tamén a este respecto sexan elaborados polas universidades públicas de Galicia."

Emenda nº32, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 23

Modificación do punto 2 que quedará redactado co seuginte contido:

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

"2. A Administración autonómica informará anualmente á poboación, a través de resolución publicada no primeiro trimestre do ano no Diario Oficial de Galicia, do saldo vexetativo de cada concello e de Galicia."

Emenda nº33, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 23

Adición dun novo apartado 2. *bis)* que quedará redactado co seguinte contido:

"2 *bis)* Igualmente dende o Instituto Galego de Estatística promoverase a difusión daqueles datos que teñan relación cos obxectivos recollidos nesta lei."

Emenda nº34, ao apartado d) bis), de Adición. Artigo 24

Adición dun novo apartado d) *bis),* que quedará redactado co seguinte contido:

"d) *bis).* Actividades profesionais asociadas á contorna e ao medio rural e costeiro non urbano existentes en Galicia."

Emenda nº35, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 28

Modificación do punto 4. que quedará redactado co seguinte contido:

" 4. A Administración autonómica elaborará un programa específico con dotación económica suficiente para a mobilización de vivendas baleiras e a rehabilitación edificatoria, facilitando o asentamento da poboación en réxime de compra ou alugueiro."

Emenda nº36, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 29

onde di: "....regulamentariamente, atendendo...", debe dicir: "...regulamentariamente, previo informe da Comisión para o Impulso Demográfico, atendendo.."

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5164
Data envio: 11/11/2020 16:13:59.961

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº37, de Adición. artigo 29 bis)

Adición dun novo aartigo 29. *bis),* que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 29. *bis)* Servizos médicos universais

1. A Administración autonómica implementará un Catálogo de Servizos Hospitalarios Básicos, garantindo que todos os hospitais de Galicia teñan, cando menos, persoal estable no centro para garantir estes servizos fundamentais a toda a poboación de referencia.

2. A Administración autonómica desenvolverá medidas concretas que faciliten a ocupación de prazas públicas de persoal sanitario e educación nos ámbitos de menor poboación, primando aquelas prazas menos solicitadas con pluses salariais e/ou bonificacións nas posteriores convocatorias de promoción interna por ter ocupado postos de difícil cobertura."

Emenda nº38, de Modificación. Artigo 30

Onde di: "... incrementará o investimento...", debe dicir: "... incrementará anualmente o investimento..."

Emenda nº39, de Modificación. Artigo 32

Onde di. ".... teñan accesibles recursos...", debe dicir: "...teñan garantidos recursos..."

Emenda nº40, de Modificación. Artigo 33

Onde di: "... específicos, as súas...", debe dicir: "...específicos, todas as súas..."

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Emenda nº41, de Modificación. Artigo 34

Modificación do artigo 34, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 34.A Administración autonómica aprobará programas de axudas destinadas á mellora da habitabilidade das vivendas e ao aforro e á eficiencia enerxética, así como á rehabilitación integral e á mellora da accesibilidade, prevendo medidas de acción positiva para as familias en situación de vulenaribilidade económica."

Emenda nº42, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 35

Onde di: "... Este apoio económico será máis intenso para as familias de especial consideración.", debe dicir: "... Este apoio económico estará garantido de maneira máis intensa para as familias en situación de vulenaribilidade económica."

Emenda nº43, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 35

Engadir in fine: "... e todas aquelas que, aínda sendo maiores de idade, se atopen realizando os seus estudos formativos."

Emenda nº44, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 36

Onde di: "... autonómica, para facer efectivas as posibilidades de acceso a toda a poboación infantil á etapa educativas 0-3, aplicará bonifiacións...", debe dicir: "...autonómica, garantirá o acceso de toda a poboación infantil á etapa educativa 0-3, podendo aplicar bonificacións..."

Emenda nº45, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 36

Adición dun novo punto 1 *bis)* do artigo 35, que quedará redactado co seguinte contido:

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

"1. *bis)* A Administración autonómica velará polo cumprimento efectivo nas escolas infantís de titularidade privada dos requisitos de accesibilidade esixidos legalemente.."

Emenda nº46, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 37

Onde di: "... avalará o cumprimento ....", debe dicir:"...avalará, entre outros aspectos que se desenvolverán regulamentariamente e en coordinación coa Comisión para o Impulso Demográfico, o cumprimento..."

Emenda nº47, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 37

Onde di: "... Galicia, precisarán... ", Debe dicir: "...Galicia, elaboraranse en coordinación e de acordo coas directices establecidas na Comisión para o Impulso Demográfico e precisarán..."

Emenda nº48, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 38

onde di: "... establecerá bonificacións nas peaxes das autoestradas da súa titularidade e preverá... ", debe dicir: "...establecerá, como mínimo, bonificacións nas peaxes das autoestradas da súa titularidade, axudas que faciliten o acceso das familias numerosas á vivenda e ao transporte público e preverá..."

Emenda nº49, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 38

Debe suprimirse: "...así como a vivendas e ao trasporte pulico."

Emenda nº50, de Adición. Artigo 38 bis)

Adición dun novo artigo 38. *bis),* que quedará redactado co seguinte texto:

"Artigo 38 *bis).* Especial atención ás familias monoparentais.

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5164
Data envio: 11/11/2020 16:13:59.961

1. A Administración autonómica aprobará un plan de apoio ás familias monoparentais, coa finalidade de mellorar a atención e a cobertura social das súas necesidades.

2. Dentro deste plan promoverase, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias e no seo da Comisión para o Impulso Demográfico, o desenvolvemento de medidas específicas por parte das administracións públicas de Galicia."

Emenda nº51, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 39

Engadir in fine: "...no prazo máximo de 6 anos."

Emenda nº52, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 39

Onde di: "...programas para promover...", debe dicir. "...programas e normativa para promover ..."

Emenda nº53, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 40

Onde di: "... público xa existentes..." , debe dicir: "... público, tanto de titularidade pública como privada, xa existentes..."

Emenda nº54, de Modificación. Artigo 41

"Onde di: "... nenas acabados de nacer na Comunidade...", debe dicir: "...nenas residentes na Comunidade..."

Emenda nº55, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 42

Onde di: "... autonómica adoptará de maneira progresiva medidas tendentes a que as persoas...", Debe dicir: "....autonómica aprobará un protocolo específico para a asistencia sanitaria á reprodución, no que se recollerán medidas efectivas para as persoas..."

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº56, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 43

Onde di: "... Galicia promoverán a conciliación... ", debe dicir: "....Galicia garantirán a través de medios e recursos a conciliación..."

Emenda nº57, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 45

Onde di: "... calidade para a atención... ", debe dicir: "... calidade preferentemente en centros de carácter público para a atención ..."

Emenda nº58, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 45

"2. Así mesmo, nos concellos de menos de cinco mil habitantes a Administración autonómica porá centros públicos da súa titularidade a disposición das entidades locais para o desenvolvemento neles de servizos de atención aos nenos e nenas, con carácter non lectivo, previos ao inicio da xornada lectiva."

Emenda nº59, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 45

"4. Os órganos superiores da Administración autonómica competentes en materia de igualdade e conciliación establecerán liñas de apoio á realización das actividades previstas no número anterior, garantindo o acceso a estes recursos das nenas e nenos en risco de exclusión."

Emenda nº60, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 45

onde di: ":::: autonómica promoverá unha....", "debe dicir: "autonómica aprobará unha..."

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Emenda nº61, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 46

Onde di: "...autonómica promoverá medidas de prevención para evitar...", debe dicir: "..autonómica aprobará, unha vez escoitada a Comisión para o Impulso Demográfico, medidas de prevención para evitar ..."

Emenda nº62, ao apartado 5 bis), de Adición. Artigo 46

Adición dun novo apartado 5. *bis),* que quedará redactado co seguinte contido:

" 5 .*bis)* A administración autonómica garantirá o servizo público sanitario de pediatría a todos os e as menores de Galicia promovendo a proximidade dende o lugar de orixe ao centro de referencia, así coma unha cobertura horaria básica."

Emenda nº63, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 47

"1.. A Administración autonómica garantirá a calidade e o carácter inclusivo dos recursos de educación infantil 0-3, así como a súa universalización e gratuidade e incrementará o número de prazas e os recursos para facer efectivas o acceso, permanencia e promoción de toda a poboación infantil a esta etapa educativa, preferentemente en centros públicos."

Emenda nº64, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 48

Onde di: "... Galicia avanzarán na posta á disposición...". debe dicir: "... Galicia porán á disposicón..."

Emenda nº65, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 50

Onde di: "... autonómica promoverá a ampliación da posibilidade...", debe dicir: "...autonómica ampliará a posibilidade ..."

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº66, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 50

Onde di: "Así mesmo, fomentará e estendeerá...", debe dicir: "Así mesmo estenderá..."

Emenda nº67, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 51

Engadir in fine:... coa representación do persoal..."

Emenda nº68, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 51

onde di: "... artigo e promoverá as medidas...", debe dicir: "... artigo e establecerá as medidas..."

Emenda nº69, de Modificación. Artigo 52

"Artigo 52. Recursos de conciliación.

O sector público autonómico avanzará na implantación de servizos de conciliación na totalidade dos seus principais centros de traballo e promoverá a dotación destes recursos no resto das administracións públicas de Galicia, achegando medios e recursos para elo."

Emenda nº70, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 53

Onde di: "... titorizacion e poderán incluír liñas...", debe dicir: ".... titorización e incluirán liñas ..."

Emenda nº71, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 54

Onde di: "... autonómica poderá establecer axudas...", debe dicir: "...autonómica establecerá axudas ..."

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Emenda nº72, de Modificación. Artigo 59

Onde di: "...Galicia procurarán garantir as condicións...", debe dicir: "...Galicia garantirán as condicións..."

Emenda nº73, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 60

Engadir in fine ... establecendo medidas específicas nun plan de retorno específico para a mocidade que garantan a estas persoas poder volver a súa terra a desenvolver as capacidades e coñecementos adquiridos."

Emenda nº74, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 61

Onde di: "... autonómica impulsara, no ámbito...", debe dicir: "... autonómica aprobará, no ámbito..."

Emenda nº75, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 61

"2. A Administración autonómica fomentará a participación da mocidade en programas de voluntariado con fin de impulsar e promover valores fundamentais na nosa sociedade, como a solidariedade e a cooperación."

Emenda nº76, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 62

Onde di: ".... específicas á mocidade para a...", debe dicir: "...específicas á mocidade a través dun plan autonómico específico que se elaborará en colaboración co tecido asociativo e cos axentes sociais para a .."

Emenda nº77, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 65

Onde di: "... taxas de poboación activa en Galicia.", debe dicir: "...das taxas de actividade e de ocupación de Galicia."

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Emenda nº78, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 65

Onde di: "... específicas, coordinando,...", debe dicir: "...específicas que se desenvolverán nun plan integral de retorno, coordinando,..."

Emenda nº79, de Modificación. Artigo 66

Onde di: "... específicas destinadas...", debe dicir: "... específicas, a través dun Plan específico, destinadas.."

Emenda nº80, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 67

Onde di: ".. concellos, poderán establecer programas...", debe dicir: "....concellos, establecerán programas ..."

Emenda nº81, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 68

Engadir in fine: "... que permitan o regreso á súa terra."

Emenda nº82, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 71

Onde di: "... identificará periodicamente as necesidades...", debe dicir: "....identificará nun informe que publicará anualmente as necesidades..."

Emenda nº83, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 72

Onde di: "... autonómica impulsará o desenvolvemento do programa...", debe dicir: "...autonómica desenvolverá programas ..."

Emenda nº84, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 77

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Onde di: "... transporte de tal xeito...", debe dicir: "...transporte a través dun plan específico no que se especificarán os prazos de execución deste, de tal xeito.."

Emenda nº85, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 79

Adición dun novo apartado 2. *bis)* que quedará redactado co seguinte contido:

"2*. bis).* A Administración autonómica, no marco das súas competencias e complementando aos plans estatais, incentivará no medio rural e costeiro non urbano, a cobertura de telefonía móbil e extensión de redes de acceso a internet, cunha velocidade de, cando menos, 100 megabits, garantindo no ano 2025 a cobertura de banda ancha e de telefonía móbil ao 100 % da cidadanía galega.·

Emenda nº86, ao apartado 2 bis), de Modificación. Artigo 80

Adición dun novo apartado 2. *bis),* que quedará redactaco co seguinte contido:

2. *bis)* A Administración autonómica implantará progresivamente a través dun calendario de execución aprobado na Comisión para o Impulso Demográfico, a libranza para os coidados na contorna familiar, promovendo a igualdade entre mulleres e homes nos coidados, así coma o fomento da profesionalización en canto a formación e supervisión das e dos coidadores/as, no marco da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia."

Emenda nº87, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 81

Adición dun novo apartado 3. *bis),* que quedará redactado co seguinte contido:

"3. *bis)* As administracións públicas de Galicia pontenciarán o transporte adaptado especialmente nas zonas rurais e costeira non urbana."

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5164
Data envio: 11/11/2020 16:13:59.961

Emenda nº88, de Modificación. Artigo 83

Onde di: "... calidade semellantes aos dos concellos...", debe dicir: "... calidade idénticos aos dos concellos..."

Emenda nº89, de Modificación. Artigo 86

"Artigo 86. Fomento do turismo sustentable e inclusivo.

As administracións públicas de Galicia, no deseño e desenvolvemento das súas estratexias e programas para o fomento da actividade turística, incentivarán mediante recursos económicos suficientes aquelas iniciativas que contribúan ao benestar e crecemento inclusivo e á vertebración territorial, así como o turismo rural, poñendo especial énfase na preservación da vinculación cos valores e co patrimonio do territorio e das comunidades."

Emenda nº90, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 94

Onde di:"... autonómica promoverá programas....", debe dicir: "...autonómica aprobará programas .."

Emenda nº91, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 96

Onde di: "... apoio, incentivo...", debe dicir:"...apoio para o fomento da dixitalización, incentivo..."

Emenda nº92, ao apartado 3 bis), de Modificación. Artigo 100

Adición dun novo apartado 3. *bis),* que quedará redactado co seguinte contido:

"3. *bis)* A Administración autonómica desenvolverá un plan específico dentro da Estratexia galega contra a soidade non

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

desexada que estableza un seguimento periódico por parte da Administración competente para as persoas que vivan en soidade e así o requiran voluntariamente."

Emenda nº93, de Modificación. Artigo 106

Onde di: "... impulsara a interación...", debe dicir: "...impulsarán, a través da aprobación dun Plan específico que se analizará previamente na Comisión para o Impulso Demográfico, a interacción..."

Emenda nº94, de Modificación. Disposición adicional segunda

Onde di: "... prazo dun ano desde...", debe dicir: ".... prazo máximo de seis meses desde..."

Emenda nº95, de Modificación. Disposición adicional segunda

Engadir in fine: "... de acordo co disposto no artigo 142 do Regulamento do Parlamento de Galicia."

Emenda nº96, de Supresión. Disposición adicional terceira

Debe suprimirse

Emenda nº97, ao apartado 3 bis), de Adición. Disposición derradeira primeira

Adición dun novo punto 3. *bis),* que quedará redactado co seguinte contido:

"As persoas membros deste comité deberán reunir, cando menos, dous dos seguintes requisitos:

a) Experiencia profesional acreditada de ao menos 5 anos no ámbito dos servizos sociais.

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

b) Realizar funcións de intervención social directa dentro de Servizos Sociais.

c) Formación específica sobre ética aplicada en servizos sociais impartida por unha Administración Pública, Universidade, Colexio Profesional ou outra institución con capacidade para acreditar dita formación e/ou no seu caso, formar parte de comités de ética ou comisións deontolóxicas.

Non poderán ser membros deste comité as persoas titulares de órganos directivos da Xunta de Galicia ou de entidades dependentes, así como as persoas titulares de órganos directivos de colexios profesionais, das universidades e asociacións profesionais."

Emenda nº98, ao apartado 3 ter), de Adición. Disposición derradeira primeira

Adición dun novo punto 3. *ter),* que quedará redactado co seguinte contido:

"3. *ter)* Na composición deste comité deberá respectarse a paridade e o principio de igualdade entre homes e mulleres."

Emenda nº99, de Modificación. Disposición derradeira segunda

Onde di:"9. Todos os proxecto de decreto...", debe dicir: "9. Todos os anteproxectos de lei e os proxectos de decreto..."

Emenda nº100, ao apartado Tres, de Modificación. Disposición derradeira terceira

Onde di: "... non superen o 125 % dos límites equivalentes da renda de inclusiónsocial de Galicia que lles serían...", debe dicir: "... non superen o 85% do salario mínimo interprofesional que lles serían..."

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5164
Data envio: 11/11/2020 16:13:59.961

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº101, ao apartado Tres, de Modificación. Disposición derradeira quinta

Onde di: "... servizo da Administración pública galega, nos termos...", debe dicir: "... servizo do sector público galego, nos termos..."

Emenda nº102, de Modificación. Disposición derradeira novena

Onde di:"... vigor o dia seguinte...", debe dicir:".. vigor o mes seguinte..."

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/11/2020 16:13:35

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 16:42:46
Nº Rexistro: 5171
Data envio: 11/11/2020 16:42:46.666

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PL-000003).

Emenda nº1, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 1

No apartado 1 substituír o texto que figura despois de: “de xeito que as persoas…”, polo seguinte: “gocen das condicións de vida e dereitos necesarios para desenvolver un proxecto de vida autónomo co máximo benestar.”

Emenda nº2, ao apartado c), de Modificación. Artigo 3

No apartado c) substituír o texto que figura despois de: “de modo que se creen…”, polo seguinte: “as condicións socioeconómicas necesarias para desenvolver un proxecto de vida co máximo benestar social promovendo o acceso do conxunto da poboación aos servizos públicos, facilitando o retorno da poboación emigrada así como a atracción de nova poboación ao territorio da Comunidade Autónoma de Galiza”.

Emenda nº3, ao apartado h), de Substitución. Artigo 3

Substituír o texto do apartado h) polo seguinte:

"h) Galegos e galegas recoñecidas como tal de acordo co disposto no Estatuto de Autonomía de Galiza que residan fóra do territorio galego."

Emenda nº4, ao apartado i), de Modificación. Artigo 3

No apartado i) substituír o texto que vai despois de: “nacidas en Galiza que…”, polo seguinte: “residindo fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Galiza retornen a ela, os seus

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cónxuxes ou persoas con unión análoga e os fillos e fillas das devanditas persoas, sempre que cumpran o disposto na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, e, así mesmo, o resto de descendentes naquelas liñas concretas de acción que expresamente o establezan."

Emenda nº5, ao apartado m), de Adición. Artigo 3

Engadir un novo apartado m) co seguinte texto:

"m) Mocidade: con carácter xeral, poboación comprendida entre os quince e os vinte e nove anos."

Emenda nº6, ao apartado n), de Adición. Artigo 3

Engadir un novo apartado n) co seguinte texto:

"n) Emancipación xuvenil: capacidade da mocidade para iniciar un proxecto de vida propio sobre a base da autonomía persoal e o exercicio da plena cidadanía."

Emenda nº7, ao apartado ñ), de Adición. Artigo 3

Engadir un novo apartado ñ) co seguinte texto:

"ñ) Envellecemento: proceso biolóxico inherente á vida humana que se produce co paso do tempo e o avance da idade e que non está afectado pola influencia de enfermidades ou da contorna e que, polo tanto, non ten por que implicar consecuencias sanitarias adversas."

Emenda nº8, ao apartado o), de Adición. Artigo 3

Engadir un novo apartado o) co seguinte texto:

"o) Envellecemento activo: proceso de optimización das oportunidades de saúde, participación e seguridade co fin de mellorar a calidade de vida das persoas a medida que envellecen."

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº9, ao apartado p), de Adición. Artigo 3

Engadir un novo apartado p) co seguinte texto:

"p) Envellecemento saudábel: proceso de fomento e mantemento da capacidade funcional que permite o benestar na vellez."

Emenda nº10, ao apartado q), de Adición. Artigo 3

Engadir un novo apartado q) co seguinte texto:

"q) Fogar: persoa ou conxunto de persoas que ocupan en común bens con cargo a un mesmo orzamento."

Emenda nº11, ao apartado b), de Substitución. Artigo 4

Substituír o texto do apartado b) polo seguinte:

"b) Autonomía persoal e vida independente: os poderes públicos facilitarán os medios necesarios para que as persoas dispoñan das condicións máis convenientes e dos apoios necesarios para desenvolver os seus proxectos vitais, respectando sempre a libre decisión das persoas."

Emenda nº12, ao apartado c), de Supresión. Artigo 4

Suprimir o apartado c).

Emenda nº13, de Modificación. Artigo 6

Substituír o texto do título do Artigo 6 polo seguinte: "Principios efectivos".

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 16:42:46
Nº Rexistro: 5171
Data envio: 11/11/2020 16:42:46.666

Emenda nº14, de Substitución. Artigo 6

Substituír o texto do Artigo 6 polo seguinte texto:

"As administracións públicas de Galiza desenvolverán as súas actuacións de impulso demográfico baixo os principios efectivos de:
a) Liberdade e respecto á diversidade. Garantirase a libre decisión das persoas a respecto da organización da súa vida privada, o respecto á dignidade humana, aos dereitos e o coidado do benestar das persoas.
b) Universalidade. As políticas dirixidas ao impulso demográfico de Galiza terán un carácter universal sen prexuízo da necesaria delimitación de grupos ou colectivos sociais de atención prioritaria.
c) Solidariedade. Os poderes públicos fomentarán a solidariedade como valor inspirador das relacións entre as persoas e os grupos sociais e impulsarán a implicación cidadá na superación das condicións que provoquen situacións de exclusión. Daráselles prioridade ás accións encamiñadas ao logro e á consolidación de formas organizadas e estables de solidariedade, especialmente interxeracional.
d) Equidade e equilibrio territorial. No deseño e desenvolvemento das políticas de impulso demográfico terase en conta a necesidade de compensar os desequilibrios sociais, poboacionais e territoriais para o que se garantirá o acceso equilibrado aos recursos e servizos en todo o territorio.
e) Perspectiva de xénero e igualdade. As políticas de impulso demográfico aplicaranse con perspectiva de xénero e promoverán a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, así como, a conciliación corresponsable.
f) Descentralización e proximidade. As Administracións Públicas pularán polo dereito de acceso aos servizos públicos e demais recursos precisos para garantir as condicións de vida e benestar social necesarios para o que, procurarán a descentralización e proximidade dos mesmos á poboación que os precisa.
g) Accesibilidade. Facilitarase a máxima accesibilidade aos recursos e servizos tendo en conta a ordenación territorial de Galiza así como as diversas capacidades da poboación.
h) Promoción do benestar social. Todas as persoas, independentemente da súa idade ou lugar de residencia dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galiza, serán consideradas suxeito de dereitos polo que as Administracións

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 16:42:46
Nº Rexistro: 5171
Data envio: 11/11/2020 16:42:46.666

Públicas favorecerán as actuacións que promovan o seu benestar e o exercicio dos seus dereitos."

Emenda nº15, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 12

Substituír o texto do apartado 2 polo seguinte:

"2. Dentro do Fondo de Cooperación Local crearase un Fondo de Compensación Demográfico que destinará recursos económicos extraordinarios aos concellos con maior índice de avellentamento da poboación co obxectivo de dotar de máis orzamento a prestación de servizos públicos."

Emenda nº16, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 13

Suprimir o seguinte texto: "mediante programas específicos de colaboración público-privada."

Emenda nº17, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 13

No apartado 2 substituír: "asinará", por: "poderá asinar".

Emenda nº18, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 15

Substituír o texto do apartado 2 polo seguinte:

"2. Así mesmo, promoverase a participación das persoas destinatarias directas das políticas incluíndo especialmente a nenas e nenos, adolescentes e persoas maiores."

Emenda nº19, ao apartado 6 bis), de Adición. Artigo 19

Engadir un novo apartado 6 bis) co seguinte texto:

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

"6 bis) Tamén farán parte da Comisión para o impulso demográfico un representante nomeado por cada un dos grupos con representación no Parlamento de Galiza."

Emenda nº20, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 22

Substituír o texto do apartado 2 polo seguinte:

"2. O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica realizará e divulgará estudos, informes e traballos que resulten de interese desde o punto de vista demográfico que servirán de referencia ás Administracións públicas de Galiza para o deseño das súas políticas."

Emenda nº21, ao apartado 3, de Adición. Artigo 22

No apartado 3 engadir in fine: "a través, entre outros, dun espazo web creado para tal fin."

Emenda nº22, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 23

Substituír o texto do apartado 2 polo seguinte:

"A Administración autonómica informará periodicamente a través de resolución publicada no Diario Oficial de Galiza do saldo vexetativo, o saldo migratorio e a esperanza de vida en boa saúde de cada concello e de Galiza."

Emenda nº23, ao apartado 3, de Adición. Artigo 23

Engadir un novo apartado 3 co seguinte texto:

"3. A Administración autonómica garantirá o acceso da poboación a datos actualizados en materia de poboación e

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 16:42:46
Nº Rexistro: 5171
Data envio: 11/11/2020 16:42:46.666

demografía para o que dotará o Instituto Galego de Estatística dos recursos orzamentarios, materiais e humanos necesarios e suficientes."

Emenda nº24, de Modificación. Artigo 29

Modificar o título do Artigo 29 que quedaría así: "Renda estandarizada galega".

Emenda nº25, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 29

Modificar o apartado 1 desde: "…o nivel económico da renda da…", até: "… polo nivel de renda", polo seguinte: "dos fogares galegos coa finalidade de dar o tratamento máis equitativo posíbel aos diferentes tipos así como das diferentes situacións das persoas que os conforman no acceso ás axudas, servizos ou prestacións que veñan condicionados ou graduados polo nivel de renda."

Emenda nº26, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 29

Substituír o texto do apartado 2 polo seguinte:

"2. O sistema de determinación da renda estandarizada galega estabelecerase regulamentariamente no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor da presente lei atendendo, entre outos factores, ao tamaño e composición dos fogares.

Emenda nº27, de Modificación. CAPÍTULO II

Substituír o título do CAPÍTULO II polo seguinte texto: "Apoio ás familias e persoas vulnerábeis".

Emenda nº28, de Modificación. Artigo 30

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 16:42:46
Nº Rexistro: 5171
Data envio: 11/11/2020 16:42:46.666

Substituír o título do Artigo 30 polo seguinte: "Incremento do investimento en políticas sociais".

Emenda nº29, de Substitución. Artigo 30

Substituír o texo do Artigo 30 polo seguinte:

"Co obxectivo de avanzar na creación de contornas favorábeis para o benestar social a Administración autonómica incrementará o investimento en políticas sociais facendo especial fincapé naquelas dirixidas á conciliación e corresponsabilidade, á inclusión social e a autonomía persoal."

Emenda nº30, de Modificación. Artigo 33

No Artigo 33 substituír: "ás familias", por: "aos fogares", e: "renda das familias", por: "renda dos fogares".

Emenda nº31, de Modificación. Artigo 34

Substituír o texto do Artigo 34 desde: "accesibilidade...", até: "...monoparentais", polo seguinte: “priorizando os fogares nos que vivan persoas con dependencia, familias monoparentais, persoas con discapacidade ou con dificultades de mobilidade”.

Emenda nº32, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 35

Substituír no apartado 1 o texto desde: “coa finalidade de…”, até “de especial consideración.”, por: “apoiar económicamente os fogares con rendas máis baixas no acceso á rede de transporte regular.”

Emenda nº33, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 35

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Substituír no apartado 2 o texto que vai desde: “destinadas ….”, até: ...”Comunidade Autónoma.”, polo seguinte: “como mínimo á mocidade e ás persoas con menos ingresos na Comunidade Autónoma”.

Emenda nº34, de Modificación. Artigo 36

Substituír o texto do título do Artigo 36 polo seguinte:

"Universalidade na Educación infantil 0-3".

Emenda nº35, de Substitución. Artigo 36

Substituír o texto do Artigo 36 polo seguinte:

"A Administración autonómica, para facer efectivo o dereito de acceso da poboación infantil á etapa educativa 0-3, impulsará as medidas oportunas para a inclusión desa etapa infantil no ensino ordinario."

Emenda nº36, de Supresión. Artigo 37

Suprimir o Artigo 37.

Emenda nº37, de Modificación. Artigo 38

Substituír o texto do título do Artigo 38 polo seguinte: "Plan de apoio ás familias monoparentais".

Emenda nº38, de Substitución. Artigo 38

Substituír o texto do Artigo 38 polo seguinte:

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

"1. A Administración autonómica aprobará un plan de apoio ás familias monoparentais.
2. Entre as medidas que debe incluír este plan, a Administración autonómica estabelecerá o seu recoñecemento institucional e a inclusión social das familias monoparentais, o acceso a vivenda así como medidas referidas ao emprego e a conciliación da vida persoal e laboral e medidas dirixidas a previr e loitar contra a pobreza nas familias monoparentais.
3. A Administración autonómica creará un Rexistro das Familias Monoparentais Galegas e determinará os requisitos e os medios de acreditación da dita condición.
4. Así mesmo, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, fomentará o estabelecemento por parte das administracións locais de medidas de apoio ás familias monoparentais no marco das competencias que lles son propias."

Emenda nº39, de Modificación. Artigo 39

Substituír o título do Artigo 39 polo seguinte: "Espazos de apoio á lactancia nos edificios públicos".

Emenda nº40, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 42

Substituír no apartado 1 o texto: “adoptará de maneira progresiva”, por: “garantirá” .

Emenda nº41, ao apartado 1, de Adición. Artigo 42

Engadir ao final do apartado 1 despois de: "a tal fin", o seguinte texto: "sen listas de agarda."

Emenda nº42, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 47

Substituír o texto do apartado 2 polo seguinte:

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

"2. Para dar cumprimento ao disposto no apartado primeiro, a Administración autonómica desenvolverá as modificacións legais oportunas para incorporar o tramo de 0-3 ao ensino ordinario."

Emenda nº43, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 48

Suprimir no apartado 2 o seguinte texto: "e promoverá o voluntariado dirixido a brindar apoios esporádicos na crianza".

Emenda nº44, de Modificación. Artigo 59

Substituír o texto do título do Artigo 59 polo seguinte: "Criterios xerais de actuación no ámbito da mocidade".

Emenda nº45, de Substitución. Artigo 59

Substituír o texto do Artigo 59 polo seguinte:

"As Administracións públicas de Galiza promoverán políticas públicas que favorezan a construción dos proxectos de vida da mocidade no territorio da Comunidade Autónoma a través do impulso de actuacións que favorezan a súa emancipación, facilitándolles formación, tanto formal como non formal, acceso ao traballo de calidade e a vivenda."

Emenda nº46, de Modificación. Artigo 63

Substituír o texto do título do Artigo 63 polo seguinte: "Impulso da investigación, a ciencia e a innovación".

Emenda nº47, de Substitución. Artigo 63

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Substituír o texto do Artigo 63 polo seguinte:

"1. A Administración autonómica situará a I+D+i como sector estratéxico para o desenvolvemento social, económico e cultural de Galiza. Para tal fin, incrementará progresivamente o investimento público até o situar, como mínimo, no 2,5% do Produto Interior Bruto galego.
2. A Administración autonómica impulsará a creación, no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, da Axencia galega da Ciencia como organismo que integre as políticas e orzamentos en materia de I+D+i.
3. A Administración autonómica creará un programa específico de retención e captación de talento que favoreza a volta á Comunidade Autónoma de Galiza da mocidade emigrada así como a captación de investigadoras e investigadores de excelencia.
4. Así mesmo, a Administración autonómica promoverá o deseño dunha carreira investigadora en todas as súas etapas, desde a formativa á profesional, garantindo condicións de traballo dignas e estábeis para o persoal investigador."

Emenda nº48, de Modificación. Artigo 68

Substituír o texto do título do Artigo 68 polo seguinte: "Proxeccion exterior da lingua e cultura galegas".

Emenda nº49, de Substitución. Artigo 68

Substituír o texto do Artigo 68 polo seguinte:

"1. A Administración autonómica levará a cabo programas de carácter cultural, lingüístico, educativo, de investigación, socioeconómico e de calquera outro tipo dirixidos a proxectar no exterior a identidade galega para o que terá en conta a poboación galega emigrada, especialmente a mocidade.
2. O desenvolvemento destes programas contemplará actuacións específicas dirixidas ao aproveitamento dos vínculos coa lusofonía de acordo co disposto na Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía."

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Emenda nº50, de Adición. Artigo 69

Engadir despois de: "...persoas galegas retornadas...", e antes de: "en igualdade de", o seguinte texto: "...e inmigrantes de calquera nacionalidade...".

Emenda nº51, de Modificación. Artigo 70

Substituír o título do Artigo 70 polo seguinte: "Apoio no proceso de retorno e inclusión da inmigración".

Emenda nº52, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 70

Substituír no apartado 1 a palabra "integración", por: "inclusión".

Emenda nº53, ao apartado 1, de Adición. Artigo 70

Engadir in fine no apartado 1 o seguinte texto: "ou chegada a Galiza."

Emenda nº54, ao apartado 1, de Adición. Artigo 70

Engadir no apartado 1 despois de: "persoa retornada", o seguinte texto: "e inmigrante así como das súas familias".

Emenda nº55, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 70

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Substituír no apartado 2 desde: "dea a coñecer...", polo seguinte texto: "á poboación galega retornada ou ás persoas migrantes que cheguen a Galiza, as axudas e programas existentes e facilite información e seguimento personalizado ás mesmas."

Emenda nº56, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 71

Suprimir no apartado 2 o texto que vai desde: "asentarse en Galiza…" até o final.

Emenda nº57, ao apartado 3, de Adición. Artigo 71

Engadir un novo apartado 3 co seguinte texto:

"3. A Administración autonómica deseñará e desenvolverá programas de apoio, asesoramento e acompañamento en materia de emprego e dereitos laborais dirixidos a poboación retornada ou migrante que teña ou poida ter interese por vivir e traballar en Galiza."

Emenda nº58, de Modificación. Artigo 72

Substituír o termo "integración" por "inclusión".

Emenda nº59, ao apartado 1, de Adición. Artigo 72

Engadir un novo apartado 1 co seguinte texto:

"1. A Administración autonómica, no marco das súas competencias, creará unha oficina de apoio, asesoramento e acompañamento de persoas refuxiadas e demandantes de asilo dirixida a facilitar información e acompañar a persoas migrantes que se atopen nesta situación."

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 16:42:46
Nº Rexistro: 5171
Data envio: 11/11/2020 16:42:46.666

Emenda nº60, ao apartado 2, de Adición. Artigo 72

Engadir un novo apartado 2 co seguinte texto:

"2. A Administración autonómica, de maneira coordinada coas administracións locais e en diálogo con entidades do terceiro sector, aprobará anualmente un Plan de asilo e acollida que contemple, entre outras, medidas de apoio xurídico, programas sociolaborais, psico-social e de apoio a mulleres e menores de idade. O primeiro plan incluirá a creación da Rede galega de acollemento."

Emenda nº61, de Modificación. Artigo 75

Substituír o texto que figura desde: “e costeiro non urbano...”, polo seguinte: “así como adaptarán a prestación dos servizos á realidade demográfica impulsado, tamén, medidas encamiñadas a procurar un maior equilibrio territorial e social."

Emenda nº62, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 75

Engadir, modificando o parágrafo actual que sería o apartado 1, un novo apartado 2, co seguinte texto:

"2. Para tal fin, a Administración autonómica terá como guía o Plan de Desenvolvemento Rural."

Emenda nº63, ao apartado 4, de Adición. Artigo 78

Engadir un novo apartado 4 co seguinte texto:

"4. A Administración autonómica habilitará liñas de transporte público regulares dirixidas a garantir o dereito de mobilidade da poboación, especialmente nas Zonas Pouco Poboadas (ZPP), priorizando, entre outras, as necesidades da mocidade que cursa estudos non obrigatorios fóra dos seus concellos."

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Emenda nº64, ao apartado 3, de Adición. Artigo 79

Engadir un novo apartado 3 co seguinte texto:

"3. No prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei a Administración autonómica aprobará un Plan de extensión das redes de telecomunicacións que garantan o dereito de acceso á rede especialmente da poboación dos espazos rurais e costeiros non urbanos. O Plan incluirá, entre outras cuestións, prazos temporais, obxectivos concretos e orzamentos."

Emenda nº65, ao apartado 3, de Adición. Artigo 80

Engadir un novo apartado 3 co seguinte texto:

"3. No pazo máximo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei, a Administración autonómica aprobará unha carteira de servizos para persoas maiores no medio rural e costeiro non urbano que inclúa servizos comúns e servizos específicos para a prevención e atención da dependencia e promoción da autonomía persoal."

Emenda nº66, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 88

Substituír no apartado 1 o texto que vai desde: “posta en valor das terras agrarias”, até: “da súa explotación”, polo seguinte: “marcando como obxectivo recuperar 100.000 hectáreas de superficie agraria útil até o ano 2030”.

Emenda nº67, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 88

Substituír o texto do apartado 2 polo seguinte:

“2. Así mesmo, elaborará Plans de Ordenación dos Usos da Terra e Orientación de Cultivos, con delimitación da superficie agraria, superficie forestal e aquelas outras de distinta

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vocación, con carácter vinculante, así como a regulación normativa dos cambios de uso, evitando a forestación de terras agrarias de valor singular, agás as que estabeleceren os propios plans."

Emenda nº68, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 88

Substituír o texto do apartado 3 polo seguinte:

“3. A Administración autonómica impulsará a I+D+i e a transferencia de coñecemento, de acordo co disposto no artigo 63 desta lei, tamén no ámbito agrofestal. Así mesmo, promoverá a aprobación dun Plan de peche de ciclos produtivos en Galiza extensíbel a este e outros sectores produtivos.

Emenda nº69, de Adición. Artigo 92

Engadir despois de: "Administración autonómica", e antes de: "impulsará", o seguinte texto: ",en colaboracipón co Sistema Universitario Galego,".

Emenda nº70, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 92

Engadir, modificando o texto actual que pasaría a ser o apartado 1, un novo apartado 2 co seguinte texto:

"2. Para tal fin, a Administración autonómica impulsará a creación de doutoramentos industriais permitindo a formación de novos/as traballadores/as da ciencia en campos aplicados e a transferencia de coñecemento aos sectores produtivos."

Emenda nº71, ao apartado 4, de Adición. Artigo 96

Engadir un novo apartado 4 co seguinte texto:

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 16:42:46
Nº Rexistro: 5171
Data envio: 11/11/2020 16:42:46.666

"4. A Administración autonómica impulsará a creación de ferramentas tecnolóxicas e dixitais público-privadas que permitan o comercio de proximidade e os sectores produtivos adaptarse e competir no ámbito do comercio en liña. Así mesmo, apoiará, asesorará e acompañará a través do organismo competente en materia de comercio nesta materia."

Emenda nº72, de Supresión. Artigo 97

Suprimir o Artigo 97.

Emenda nº73, ao apartado 1, de Adición. Artigo 99

Engadir no apartado 1 o seguinte texto in fine:

“Para tal fin, a Administración autonómica garantirá o acceso da poboación aos servizos necesarios prestando especial atención aos concellos de menos de 5.000 habitantes”.

Emenda nº74, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 100

No apartado 3 substituír o texto que vai desde: “impulsarase o”, polo seguinte: “acceso da teleasistencia básica entre as persoas maiores que o precisen como unha ferramenta que facilita a atención e o coidado das persoas maiores que viven soas até chegar ao cento por cento de cobertura. Así mesmo, despregarase progresivamente a teleasistencia avanzada estabelecendo unha rede dixital de acompañamento e seguridade no fogar, nas actividades da vida diaria e con especial atención á detección de casos de soidade non desexada, cun sistema tecnolóxico accesíbel e adaptado ás circunstancias específicas das persoas usuarias."

Emenda nº75, ao apartado 4, de Adición. Artigo 100

Engadir un novo apartado 4 co seguinte texto:

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 16:42:46
Nº Rexistro: 5171
Data envio: 11/11/2020 16:42:46.666

"4. Para tal fin, a Administración autonómica elaborará no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor da presente lei, un Plan de despregamento da teleseasistencia con prazos temporais, obxectivos concretos e orzamentos."

Emenda nº76, ao apartado 3, de Adición. Artigo 104

Engadir un novo apartado 3 co seguinte texto:
"3. A Administración autonómica deseñará un progama de servizos de proximidade e atención a domicilio encamiñados a mellorar a calidade de vida e o benestar das persoas maiores."

Emenda nº77, de Adición. Artigo 105

Engadir entre: "aprobará", e: ",en colaboración", o seguinte texto: "no prazo dun mes desde a entrada en vigor da presente lei".

Emenda nº78, de Modificación. Disposición adicional primeira

Substituír "políticas de familia" por "políticas sociais".

Emenda nº79, de Adición. Disposición adicional cuarta

Engadir unha nova Disposición adicional cuarta co seguinte texto:
"Disposición adicional cuarta
A Administración autonómica, no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, creará a Tarxeta social galega de acordo co previsto no artigo 17 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza."

Emenda nº80, de Adición. Disposición derradeira oitava bis

Engadir unha nova Disposición derradeira oitava bis), co seguinte texto:

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

"Disposición derradeira oitava bis) Lei do terceiro sector de acción social de Galiza
No prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei, a Xunta de Galiza impulsará, previo diálogo coas entidades representativas neste ámbito, unha Lei do terceiro sector de acción social de Galiza."

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/11/2020 16:41:37

Ana Pontón Mondelo na data 11/11/2020 16:41:50

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 17:54:04
Nº Rexistro: 5179
Data envio: 11/11/2020 17:54:04.157

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PL-000003).

Emenda nº1, de Adición. Artigo 10

Inclusión dun novo artigo, o número 10 bis) co seguinte contido:

Artigo 10 bis. Políticas prioritarias para o impulso demográfico

As Administracións Públicas de Galicia considerarán prioritarias para o impulso demográfico as seguintes políticas:
1. Políticas que faciliten a emancipación da xuventude con programas específicos que promovan o seu acceso a empregos estables e de calidade e para o acceso á vivenda.
2. Políticas de conciliación e corresponsabilidade que actúen como panca de participación das mulleres no mercado laboral, favorecendo o incremento dos índices de fecundidade e evitando desequilibrios na composición das cohortes de idades susceptibles de formar unha familia.
3. Políticas que aposten decididamente pola diversificación económica no medio rural, pola redución das trabas burocráticas para o establecemento de iniciativas empresariais e pola garantía de acceso adecuado aos servizos para a poboación e as empresas que se establezan nel.
4. Políticas específicas de capacitación dixital de toda a poboación do medio rural que lles permitan estudar, traballar, comunicarse, atender as súas necesidades básicas e superar o illamento.

Emenda nº7, de Adición. Artigo 42

Engádese o seguinte texto como continuación do previsto no artigo 42.1

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 17:54:04
Nº Rexistro: 5179
Data envio: 11/11/2020 17:54:04.157

"En todo caso, o Servizo Galego de Saúde garantirá o tratamento de reprodución asistida a aquelas mulleres cuxos problemas de fertilidade veñan derivados dunha patoloxía."

Emenda nº3, ao apartado 6, de Adición. Artigo 45

Engadirase un novo punto o 45.6 co seguinte texto:

"6. A Administración autonómica promoverá recursos de conciliación para atender as novas necesidades de conciliación derivadas de situacións epidemiolóxicas de carácter extraordinario"

Emenda nº4, ao apartado 6, de Adición. Artigo 46

Engadirase un novo punto o 46.6 co seguinte texto:

"6. En casos de situacións epidemiolóxicas de carácter extraordinario, a Administración autonómica impulsará protocolos específicos de actuación dirixidos aos recursos e servizos de atención continuada á infancia 0-3."

Emenda nº2, de Adición. Artigo 73

Inclusión dun novo artigo co seguinte contido:

"Artigo 73 bis)
Zonas de actuación prioritaria no impulso demográfico

1. A Administración autonómica establecerá os parámetros precisos para determinar, dentro do medio rural e costeiro non urbano, as zonas de actuación prioritaria no impulso demográfico. Estas zonas serán obxecto de consideración preferente nos distintos ámbitos de actuación competencia das Administracións Públicas de Galicia.

2. Nas Zonas de actuación prioritaria no impulso demográfico impulsaranse mecanismos de cooperación entre as

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2020 17:54:04
Nº Rexistro: 5179
Data envio: 11/11/2020 17:54:04.157

administracións que permitan desenvolver espazos de innovación e fortalecer os vínculos relacionais entre os actores sociais e económicos do territorio, para a mellora da eficiencia e produtividade das actividades socioeconómicas."

Emenda nº6, de Adición. Artigo 97

Engádese un segundo parágrafo no artigo 97 co seguinte texto:

"Neste sentido, considérase un servizo de interese económico xeral a instalación, mantemento e posta en funcionamiento de caixeiros automáticos e a prestación dun servizo de asistencia e formación financeira naquelas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia que carezan de entidade financeira no seu territorio."

Emenda nº5, ao apartado 3, de Adición. Artigo 99

Engadirase un novo punto, o apartado 99.3 co seguinte texto:

"3. A Administración Autonómica promoverá a especial protección das persoas maiores en caso de situacións epidemiolóxicas de carácter extraordinario, nomeadamente a través da aprobación de protocolos específicos de actuación nos centros de servizos sociais"

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 11/11/2020 17:52:59

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei de modificación da lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia**

Antecedentes

- Constitución Española.
- Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia

Exposición de motivos

I

A expansión do coronavirus COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes. Así, tras a elevación pola Organización Mundial da Saúde da situación de emerxencia de saúde pública pola dita causa a nivel de pandemia internacional, e a adopción, por parte dalgunhas comunidades autónomas como a galega, de medidas de prevención, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19; declaración que afectou todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados.

O levantamento do estado de alarma, non obstante, non puxo fin á situación de crise sanitaria, o que xustificou a adopción de medidas, como as previstas a nivel estatal no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como as medidas de prevención que foron adoptando as diferentes comunidades autónomas. En concreto, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a resposta á crise sanitaria foi, fundamentalmente, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a adopción, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, de medidas de prevención, tanto de carácter xeral para todo o territorio autonómico como, de maneira específica, a través de diferentes ordes, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Posteriormente, mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse un novo estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que afecta todo o territorio nacional, cunha duración inicial ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 e unha prórroga autorizada polo Congreso dos Deputados ata o 9 de maio de 2021.

Conforme o marco normativo derivado do estado de alarma vixente, a autoridade competente será o Goberno da Nación e, en cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen desempeñe a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para a adopción das medidas recollidas no real decreto, nos termos e co alcance previstos na dita norma, sen que para iso sexa precisa a tramitación de ningún procedemento administrativo nin autorización nin ratificación xudicial.

Procede destacar, non obstante, que as medidas previstas no real decreto non esgotan todas as que poden ser adoptadas durante a vixencia do estado de alarma para facer fronte á crise sanitaria senón que, como prevé expresamente o artigo 12 do Real

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

decreto 926/2020, do 25 de outubro, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto. Por tanto, como destaca expresamente a exposición de motivos do real decreto, durante a vixencia do estado de alarma, as administracións sanitarias competentes en saúde pública, no non previsto na dita norma, deberán continuar adoptando as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, conforme a lexislación sanitaria, en particular a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como na normativa autonómica correspondente.

Do anteriormente exposto despréndese que as medidas para facer fronte a riscos para a saúde pública derivados de crises sanitarias non encontran o seu fundamento normativo, con carácter exclusivo, no dereito de excepción como o derivado da declaración dun estado de alarma.

En efecto, ben que as crises sanitarias, tales como epidemias, constitúen un dos supostos que habilitan para a declaración do estado de alarma, conforme o artigo cuarto da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, a dita declaración, dado o seu carácter excepcional, non se pode entender como a única alternativa xurídica para facer fronte a esas situacións, ao existiren na lexislación sanitaria mecanismos extraordinarios para tutelar a saúde pública.

Así, na súa concepción constitucional e na da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, o estado de alarma representa a aplicación dun dereito excepcional, limitado no tempo, condicionado pola adecuación das medidas ás circunstancias concretas que se presenten, e só xustificado na medida en que, para facer fronte a tales circunstancias,

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non sexan suficientes os poderes ordinarios das autoridades competentes. Non procederá, polo tanto, acudir ao estado de alarma para o control dunha epidemia, mantendo activo un dereito excepcional, cando a lexislación de dereito ordinario, en especial a sanitaria e a normativa en materia de protección civil e seguridade cidadá, lles permita afrontar a situación existente ás autoridades públicas, singularmente o Estado e as comunidades autónomas, cos seus poderes ordinarios, isto é, conforme as regras ordinarias de distribución de competencias.

Só cando sexa imprescindible o Goberno debe acudir á declaración dun estado de alarma. En particular, como expresa o artigo cuarto da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, cando se trate de crises sanitarias que produzan “alteracións graves da normalidade”, en todo ou en parte do territorio nacional, que demanden unha actuación centralizada da crise nos territorios afectados e a necesidade de contar cos instrumentos específicos previstos no artigo once da dita lei orgánica.

Agora ben, débese chamar a atención de que a Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, como puxo de manifesto a doutrina, non dá respostas específicas apropiadas para situacións de crises sanitarias, especialmente de duración prolongada como a que nos ocupa, e que se limita a remitirse a que, nestes casos, se poderán adoptar as medidas “establecidas nas normas para a loita contra as enfermidades infecciosas” (artigo doce da lei orgánica). A resposta específica a unha situación de epidemia ou pandemia non se encontra, pois, na regulación do estado de alarma senón na lexislación sanitaria. Por tanto, as medidas que a lexislación orgánica e ordinaria establecen para os casos de perigos e ameazas para a saúde pública poden chegar a ser suficientes para abordar unha pandemia sen necesidade de recorrer a unha situación constitucional excepcional como é o estado de alarma.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, remite, pois, á lexislación sanitaria e apóiase nela, dada a ausencia de respostas específicas na propia lexislación reguladora do estado de alarma. Deste modo, a lexislación sanitaria cobra un papel estratéxico fundamental na loita contra a pandemia. En definitiva, non procede acudir de maneira continuada ao estado excepcional de alarma ante cada repunta da enfermidade que se produza se se pode facer fronte cos mecanismos de tutela da saúde pública previstos na lexislación sanitaria. E, mesmo nos casos en que resulte necesario acudir ao dereito de excepción, os mecanismos previstos na lexislación sanitaria tamén seguirán desempeñando un papel fundamental, no que resulte compatible co marco normativo excepcional temporalmente aplicable.

II

Centrándonos, así, nos mecanismos de tutela previstos na lexislación sanitaria, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, conforma, xunto coa Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o corpo normativo fundamental da acción de tutela da saúde pública a nivel estatal, ao cal se debe unir a lexislación autonómica reguladora da protección da saúde pública no marco de competencias autonómico, como é o caso, na Comunidade Autónoma galega, da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En efecto, recóllense na dita normativa medidas que as autoridades sanitarias poderán acordar para tutelar a saúde pública en situacións de risco, co fin de cumprir o mandato contido no artigo 43 da Constitución española que, despois de proclamar o dereito á protección da saúde, dispón que lles compete aos poderes públicos organizaren e

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

tutelaren a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios, e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto.

O dito marco normativo débese completar, atendida a posible afectación que tales medidas poden ter sobre os dereitos fundamentais, coa necesidade de intervención xudicial.

Non obstante o anterior, a crise do COVID-19 puxo de manifesto a necesidade de contar cunha maior densidade normativa no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle a lexislación sanitaria para tutelar a saúde pública ante crises sanitarias. Neste sentido, son fundamentalmente catro as carencias normativas que se detectaron neste ámbito: a necesidade dunha maior concreción das medidas susceptibles de ser adoptadas nestes casos (en especial, para facer fronte a enfermidades de carácter transmisible), a regulación dos requisitos exixibles para a súa adopción por parte da autoridade sanitaria competente, a necesidade dunha maior claridade e concreción en relación co réxime sancionador aplicable e a precisión dos termos e o alcance da garantía xudicial.

En relación con esta última cuestión, procede destacar a recente modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, operada pola Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte ao COVID-19 no ámbito da Administración de xustiza, en virtude da cal se deslindaron as competencias para a autorización ou ratificación xudicial de medidas adoptadas conforme a lexislación sanitaria que as autoridades sanitarias consideren urxentes e necesarias para a saúde pública e impliquen limitación ou restrición de dereitos fundamentais, en función de carácter individualizado ou non dos seus destinatarios e da autoridade sanitaria da cal procedan, e se regulou a tramitación que se seguirá para a dita autorización ou ratificación.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

En cambio, subsisten as outras tres carencias normativas apuntadas que demandan que, en exercicio da competencia autonómica en materia de sanidade interior recollida no artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, se introduzan na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as modificacións necesarias co fin de facer fronte á necesidade de contar cun marco normativo claro na materia que ofreza a necesaria seguridade xurídica, tanto para os que deben intervir na adopción das medidas e na súa inspección, vixilancia, control e sanción, como para as persoas destinatarias destas.

Especial atención merece a concreción das medidas preventivas que poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias galegas, no exercicio das súas competencias, para facer fronte a riscos de saúde pública. Dada a posible afectación que tales medidas poden ter nos dereitos e liberdades da cidadanía, procede que unha norma legal regule estas medidas, delimitando con precisión os seus contornos e os requisitos para a súa adopción, tendo en conta necesariamente o marco normativo constituído pola lexislación sanitaria e procesual antes citada.

En efecto, conforme reiterada doutrina do Tribunal Constitucional, os dereitos e as liberdades que a Constitución recoñece non teñen carácter absoluto ou ilimitado, senón que se poden ver sometidos a certas modulacións ou límites, xustificados na protección doutros dereitos, bens ou valores constitucionais, sempre coa debida proporcionalidade.

Neste sentido, a saúde pública é un ben constitucionalmente protexido cuxa tutela, imposta polo artigo 43 da Constitución española, pode xustificar o establecemento de límites ao exercicio de dereitos e liberdades, tendo en conta, ademais, a íntima conexión do dito mandato constitucional de protección da saúde pública co dereito á

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

vida e á integridade física recoñecidos no artigo 15 da Constitución española, como recentemente tivo oportunidade de recordar o Tribunal Constitucional no seu Auto 40/2020, do 30 de abril.

Xunto con iso, o Tribunal Constitucional admitiu o establecemento de medidas limitativas de dereitos e liberdades, incluídos dereitos fundamentais e liberdades públicas, sen ter que acudir necesariamente ao chamado dereito de excepción ben que co necesario respecto á reserva de lei (artigos 53.1 e 81.1 da Constitución española), de modo que debe ser a lei a que habilite a inxerencia no ámbito dos dereitos e liberdades e exprese os presupostos e as condicións da intervención.

Sentado o anterior, no caso concreto das medidas limitativas de dereitos fundamentais e de liberdades públicas e respecto da reserva de lei orgánica do artigo 81.1 da Constitución española, débese advertir que o Tribunal Constitucional, xa desde as súas primeiras sentenzas, incidiu na necesidade de aplicar un criterio estrito ou restritivo en relación co alcance da reserva de lei orgánica para o desenvolvemento de dereitos fundamentais e de liberdades públicas previstas no artigo 81.1 da Constitución española. En concreto, de acordo con esta doutrina constitucional, require lei orgánica unicamente a regulación dun dereito fundamental ou dunha liberdade pública que «desenvolva» a Constitución de maneira directa e en elementos esenciais para a definición do dereito fundamental, xa sexa nunha regulación directa, xeral e global deste, xa nunha parcial ou sectorial, pero igualmente relativa a aspectos esenciais do dereito, e non, por parcial, menos directa ou encamiñada a contribuír á delimitación e definición legal do dereito. Non entran, en cambio, dentro da reserva de lei orgánica as modulacións provisionais e limitadas á forma en que certos suxeitos desfrutan, en circunstancias moi determinadas e non xeneralizables, do dereito fundamental (entre outras, sentenzas do Tribunal Constitucional 53/2002, do 27 de febreiro, e 186/2013, do 4 de novembro). O reservado ao Estado ex artigo 81.1 da Constitución española é,

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

pois, a regulación dos aspectos esenciais, o desenvolvemento directo do dereito fundamental considerado en abstracto ou «en canto tal», en canto que se atribúe a regulación da «materia» sobre a que se proxecta o dereito ao lexislador ordinario, estatal ou autonómico, con competencias sectoriais sobre ela. En suma, a reserva enunciada no artigo 81.1 da Constitución española para o desenvolvemento dos dereitos fundamentais e das liberdades públi¬cas non é incompatible coa colaboración internormativa entre a fonte a favor da cal a reserva se establece e outras fontes de produción recoñecidas na Constitución, para acadar, deste modo, unha disciplina integral e articulada do ámbito de que se tra¬te (entre outras, STC 137/1986, do 6 de novembro).

De acordo co exposto, no ámbito concreto das medidas de protección da saúde pública, o lexislador orgánico, a través da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, configurou a protección da saúde pública, dada a súa evidente conexión co dereito á vida e á integridade física, como dereito constitucionalmente protexido que pode operar como límite dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, a través da adopción, por parte das autoridades sanitarias competentes, das necesarias medidas para salvagardar aquela. A dita lei orgánica contén, ademais, os presupostos e as condicións para tal intervención limitativa de dereitos e liberdades, ao delimitar tanto o ámbito material (a saúde pública), como a exixencia de que esas razóns sanitarias que demandan a adopción das medidas sexan urxentes e necesarias e a finalidade de tales medidas (a protección da saúde pública e a prevención da súa perda ou deterioración, con atención particular, no seu artigo terceiro, á finalidade de controlar as enfermidades transmisibles). A lei orgánica efectúa así, en aplicación do artigo 81 da Constitución española, un desenvolvemento directo ou primario respecto dos límites a que poidan quedar sometidos os dereitos fundamentais e as liberdades públicas a prol da protección da saúde pública, precisando as condicións esenciais que deben concorrer para a adopción, por parte das autoridades sanitarias competentes, de medidas

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

limitativas con tal fin; un desenvolvemento que, conforme a doutrina constitucional exposta, pode ser concretado, respectando as condicións esenciais establecidas na dita lei orgánica, polo lexislador ordinario competente na materia (neste caso, polo lexislador autonómico en exercicio das competencias en materia de sanidade interior).

Conforme o exposto, unha das principais finalidades desta lei é, así, concretar as medidas que, tendo en conta o disposto na lexislación sanitaria estatal, de rango orgánico e ordinario, poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias galegas para a protección da saúde pública, así como regular os requisitos que se deben cumprir para a súa correcta adopción, con especial atención ás exixencias de motivación e de proporcionalidade. Tamén se aclara e completa o réxime sancionador aplicable en materia de saúde pública.

Ben que o obxectivo fundamental da reforma estriba en facer fronte ás carencias normativas apuntadas, introdúcense, así mesmo, outras modificacións puntuais na Lei 8/2008, do 10 de xullo, na súa maior parte tamén relacionadas con aspectos relativos á protección da saúde pública, tal e como se describe a continuación.

III

Esta lei estrutúrase nun artigo único, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, unha disposición transitoria e unha disposición derradeira.

Respecto das modificacións introducidas na Lei 8/2008, do 10 de xullo, tal e como se adiantou antes, a maior parte das ditas modificacións refírense a aspectos relacionados coa protección da saúde pública, co fin de contar cunha normativa máis clara e completa na materia.

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

Así, dáse nova redacción ao artigo 33 da lei para completar o concepto de autoridade sanitaria e para precisar aquelas autoridades sanitarias que poderán establecer as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía e, entre elas, as medidas preventivas tanto por razóns sanitarias en xeral como por razóns de protección da saúde pública en particular.

En relación coas intervencións públicas previstas no artigo 34 da lei, incorpórase no seu número 12 unha remisión expresa ás medidas preventivas específicas en materia de saúde pública que se recollen na nova redacción do artigo 38 e engádese un novo número 15 relativo ao posible establecemento de prohibicións, limitacións e estratexias de prevención do consumo de bebidas alcohólicas, en especial polas persoas menores de idade. Ademais, con esta finalidade recóllese directamente na lei a prohibición de consumo en grupo de bebidas alcohólicas na vía pública, parques e prazas públicas, e noutros lugares de tránsito público.

Engádese un novo punto no artigo 37 coa finalidade de garantir a suficiencia de medios persoais para o desenvolvemento das funcións de inspección de saúde pública en supostos de crises sanitarias ou epidemias.

Dáse nova redacción ao artigo 38 da lei co fin de recoller, como se apuntou antes, de maneira máis concreta e nun mesmo precepto, as medidas preventivas que poden ser adoptadas polas autoridades sanitarias para a protección da saúde pública, incluídas as limitativas de dereitos fundamentais a que se refire a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, con especial atención ás destinadas ao control de enfermidades de carácter transmisible. Non se inclúe, non obstante, unha enumeración exhaustiva e esgotadora de medidas, pois iso podería dificultar o seu fin primordial, que é a tutela da saúde pública. De aí que se introduzan

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

cláusulas finais abertas que permitan a adaptación ás circunstancias do caso, ben que se debe tratar en todo caso de medidas rodeadas das necesarias garantías.

En relación coas medidas en materia de saúde pública introdúcense, ademais, tres novos artigos: o 38 bis, o 38 ter e o 38 quater.

No primeiro deles recóllense previsións en relación coa medida específica de intervención de centros de servizos sociais, ao ser unha medida que se revelou necesaria para a protección da saúde pública na actual pandemia.

No novo artigo 38 ter acláranse aspectos fundamentais sobre a natureza das medidas preventivas, coa finalidade de velar pola súa operatividade e eficacia, aclarando que a súa adopción non require dun procedemento administrativo específico e a súa diferente natureza das medidas provisionais que aparecen conectadas a un procedemento administrativo. Establécense, ademais, as garantías fundamentais de motivación, publicación, de ser o caso, cando as medidas afecten unha pluralidade indeterminada de persoas, e audiencia, se a medida afecta unha ou varias persoas determinadas, sempre que iso sexa posible, e garántese, se non o for, a súa realización nun momento posterior. Tamén se alude, entre outras cuestións, ao principio de precaución, que posibilitará a lícita adopción das medidas cando se axusten a unha adecuada avaliación do risco segundo a información dispoñible nese momento. Recóllense, así mesmo, outros requisitos de importancia como a temporalidade das medidas ou a necesaria información á poboación afectada.

Xunto a iso, imponse expresamente como límite absoluto o respecto á dignidade da persoa e prevese unha serie de regras sobre as medidas de posible adopción, como a relativa a que deben ser o menos intrusivas e invasivas posible para lograr o obxectivo de saúde pública, inspiradas tamén no disposto no Regulamento sanitario

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

internacional. Recóllense, así mesmo, seguindo a liña do xa indicado na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, as regras de preferencia pola colaboración voluntaria dos afectados coas autoridades sanitarias, a prohibición de adopción de medidas obrigatorias que comporten risco para a vida e o mandato de que se utilicen as medidas que menos prexudiquen a liberdade de circulación das persoas e dos bens, a liberdade de empresa e calquera outro dereito afectado, xunto co necesario respecto ao principio de proporcionalidade.

Ademais, para o caso concreto de adopción de medidas limitativas de dereitos fundamentais e liberdades públicas, establécese expresamente, ademais da garantía xudicial nos termos previstos na lexislación procesual, a exixencia de motivación expresa da súa proporcionalidade conforme os tres subprincipios ou regras, que, conforme reiterada doutrina do Tribunal Constitucional, integran o dito principio; isto é: idoneidade, necesidade e proporcionalidade en sentido estrito. É dicir, que mediante a medida adoptada sexa posible acadar o obxectivo pretendido -idoneidade-; que non exista unha medida menos gravosa ou lesiva para a consecución do obxecto proposto -necesidade-, e que o sacrificio do dereito reporte máis beneficios no interese xeral que desvantaxes ou prexuízos noutros bens ou dereitos, atendidas a gravidade da inxerencia e as circunstancias persoais de quen a sofre -proporcionalidade estrita-.

Por outra parte, na xestión de crises sanitarias non se debe esquecer o papel que pode desenvolver a tecnoloxía tendo en conta o uso estendido dos dispositivos e aplicacións na poboación, en especial como mecanismo para a información, a prevención, a detección e o seguimento de enfermidades, particularmente das de carácter transmisible, tal e como puxeron de manifesto, con motivo da crise causada polo COVID-19, tanto a Comisión Europea (en documentos como a Recomendación (UE) 2020/518 da Comisión, do 8 de abril de 2020, relativa a un conxunto de instrumentos comúns da Unión para a utilización da tecnoloxía e os datos co fin de combater e

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

superar a crise do COVID-19, ou a Comunicación relativa ás orientacións sobre as aplicacións móbiles de apoio á loita contra a pandemia do COVID-19 no referente á protección de datos, publicada o 17 de abril de 2020), como o Comité Europeo de Protección de Datos nas súas directrices 04/2020 sobre o uso de datos de localización e ferramentas de rastrexamento de contactos no contexto da pandemia do COVID-19, adoptadas o 21 de abril de 2020, nas cales se recoñece que os datos e a tecnoloxía son importantes ferramentas na loita contra o coronavirus. Seguindo esta liña, na Comunidade Autónoma galega desenvolveuse o sistema de información Passcovid.gal como medida complementaria na xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

De aí que proceda recoller unha expresa referencia na Lei 8/2008, do 10 de xullo, á tecnoloxía como instrumento complementario doutras medidas que se poidan adoptar ante riscos para a saúde pública, o que se fai a través da incorporación dun novo artigo 38 quater.

Ademais, outro aspecto fundamental para o eficaz e correcto desenvolvemento de actuacións de saúde pública é a cooperación e colaboración administrativas, de aí que se dedique a esta materia un novo precepto, o artigo 38 quinquies.

Xunto á necesidade dunha maior claridade e densidade normativa en materia de medidas preventivas por razóns de protección da saúde pública, a experiencia acumulada nestes meses de xestión da crise sanitaria derivada do COVID-19 puxo de manifesto tamén, como se adiantou antes, a necesidade de contar cun réxime sancionador máis claro e completo. Con esta finalidade introdúcense varias modificacións no capítulo IV do título II da Lei 8/2008, do 10 de xullo. Dada a especificidade das infraccións en materia de saúde pública, optouse por conferir ás ditas infraccións unha substantividade propia na lei, diferenciándoas das restantes infraccións en materia sanitaria tamén tipificadas nela. Así, ademais de recoller no

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

artigo 39 as consecuencias da dita diferenciación, introdúcense os novos artigos 41 bis, 42 bis, 43 bis, 44 bis e 45 bis, nos cales se recolle, tendo en conta a regulación básica contida na Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, a tipificación das infraccións (leves, graves e moi graves) e das correspondentes sancións en materia de saúde pública, e se regula a competencia para o exercicio da potestade sancionadora neste ámbito, respectivamente. Procede destacar, en relación con esta última cuestión, que coa nova redacción queda explicitada, sen dar lugar a dúbidas interpretativas, a competencia sancionadora municipal respecto das infraccións en materia de saúde pública cando tales infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales os concellos exercen competencias de control sanitario de acordo co artigo 42 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e o artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, tendo en conta o disposto no artigo 61 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como o carácter instrumental da potestade sancionadora respecto do exercicio de competencias substantivas (no caso, as competencias propias locais de control sanitario previstas naqueles preceptos legais). Por esta mesma razón de evitar dúbidas interpretativas sobre o alcance da competencia sancionadora local, modifícase o artigo 45 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, respecto de infraccións sanitarias tipificadas na lei cando tales infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de control sanitario.

Introdúcense, ademais, modificacións con incidencia xeral no réxime sancionador contido na lei, isto é, tanto o relativo a infraccións sanitarias como ás específicas infraccións en materia de saúde pública, coa finalidade, por unha parte, de clarificar os suxeitos responsables das infraccións (en especial, o réxime de responsabilidade en caso de infraccións cometidas por menores de idade) e, por outra parte, de recoller unha regulación máis completa das medidas provisionais (tanto previas como posteriores á incoación dun procedemento sancionador), así como a posibilidade de adopción directa de medidas por parte dos axentes das forzas e corpos de seguridade,

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

todo isto co fin de salvagardar sen demora a protección da saúde pública ante a produción de feitos que poden ser constitutivos de infracción.

Para terminar coas modificacións no réxime sancionador, modifícase o artigo relativo á prescrición para recoller a diferenciación de infraccións sanitarias en xeral e específicas en materia de saúde pública e, á vez, para acomodar a regulación aos cambios introducidos pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As modificacións en materia de saúde pública péchanse coa modificación do artigo 78, orientada a recoller expresamente o importante papel que os grupos de traballo poden desempeñar en relación co asesoramento na xestión de crises sanitarias e na adopción de medidas preventivas adecuadas, tal e como viñeron demostrando o comité e o subcomité clínico na xestión da crise derivada do COVID-19.

En canto á parte final da lei, esta conta cunha disposición transitoria e unha disposición derradeira.

A disposición transitoria única recolle o réxime transitorio aplicable en materia sancionadora tendo en conta os principios de irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables e o de retroactividade das favorables. En particular, no réxime transitorio, coa finalidade anteriormente expresada de evitar dúbidas interpretativas nesta materia, recóllese expresamente a competencia local para resolver os procedementos sancionadores por feitos acaecidos antes da entrada en vigor desta lei que sexan constitutivos de infracción en materia de saúde pública, sempre que tales infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales os concellos exercen competencias de control sanitario de acordo co artigo 42 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e co artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo parlamentario popular de galicia

Por último, a disposición derradeira única establece como entrada en vigor desta lei o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, tendo en conta a súa finalidade de protección da saúde pública e de loita contra a pandemia e a necesidade de contar canto antes cunha normativa máis clara e completa na materia.

Artigo único. Modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O artigo 33 queda coa seguinte redacción:

"Artigo 33. Autoridade sanitaria

1. Dentro das súas respectivas competencias, teñen a condición de autoridade sanitaria o Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da consellería con competencias en sanidade, as persoas titulares dos órganos de dirección da consellería con competencias en materia de sanidade de quen dependan a inspección de servizos sanitarios e a inspección no ámbito da saúde pública, e os alcaldes ou alcaldesas. Así mesmo, teñen a condición de autoridade sanitaria as persoas titulares das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de sanidade no seu ámbito correspondente.

2. Corresponderá aos titulares dos órganos citados, no ámbito das súas respectivas competencias, establecer as intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, entre elas, as previstas nos artigos 34.12 e 38.

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. Os profesionais sanitarios que, no desempeño das súas funcións como empregados públicos, teñan asignadas funcións de detección, seguimento e control das enfermidades transmisibles nos supostos de crises sanitarias declaradas ou epidemias terán, así mesmo, a consideración de autoridade sanitaria para os efectos desta lei. Para tal efecto, no desempeño das súas funcións poderán solicitar en todo momento a colaboración dos cidadáns e facerlles requirimentos individuais a estes, por razóns sanitarias vinculadas á contención da enfermidade, que serán de obrigado cumprimento.

4. Todo o persoal ao servizo da Administración autonómica e local que desenvolva actividades de inspección terá a condición de autoridade sanitaria no desempeño das súas funcións e para os efectos desta lei,

5. No exercicio das súas funcións, as autoridades sanitarias e os seus axentes poderán solicitar o apoio e a cooperación doutros funcionarios públicos, incluídos os das forzas e corpos de seguridade, así como de calquera persoa física, institución ou persoa xurídica."

Dous. O número 12 do artigo 34 queda coa seguinte redacción:

"12. Adoptar as medidas preventivas que se consideren pertinentes en caso de que exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e extraordinario para a saúde. Para tal efecto, a autoridade sanitaria competente poderá proceder á incautación ou inmobilización de produtos, á suspensión do exercicio de actividades, ao peche de empresas ou das súas instalacións, á intervención de medios materiais e persoais, e a cantas outras medidas se consideren sanitariamente xustificadas. A duración das medidas a que se refire este punto fixarase para cada caso, sen prexuízo das prórrogas sucesivas acordadas por resolucións motivadas, e non excederá o que

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

exixa a situación de risco extraordinario que as xustificou. Poderá, así mesmo, adoptar medidas preventivas en materia de saúde pública nos termos previstos no artigo 38."

Tres. Engádese un novo número 15 ao artigo 34, coa seguinte redacción:
"15. Establecer prohibicións, limitacións e estratexias de prevención do consumo de bebidas alcohólicas para avanzar na desnormalización do seu consumo en todos os ámbitos, especialmente polas persoas menores de idade. Con esta finalidade, e por disposición directa desta lei, queda prohibido o consumo en grupo de bebidas alcohólicas na vía pública, parques e prazas públicas, e noutros lugares de tránsito público.

Catro. Engádese un número 4 ao artigo 37, coa seguinte redacción:

"4. Nos supostos de crises sanitarias ou epidemias, a autoridade sanitaria autonómica e local poderanlles encomendar o exercicio de funcións de inspección de saúde pública, en caso de insuficiencia de medios, a outros corpos de funcionarios dependentes delas, para a vixilancia do cumprimento das normas e medidas de prevención adoptadas para facer fronte ás situacións indicadas. Este persoal, no desenvolvemento das funcións de inspección, terá a condición de autoridade sanitaria."

Cinco. O artigo 38 queda coa seguinte redacción:

"Artigo 38. Medidas preventivas en materia de saúde pública

1. Co obxecto de protexer a saúde pública, as autoridades sanitarias autonómicas e locais, dentro do ámbito das súas competencias, poderán adoptar medidas preventivas

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de obrigado cumprimento cando exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e grave para a saúde da poboación. Estas medidas poderán consistir:

a) Na incautación ou inmobilización de produtos.

b) Na suspensión do exercicio de actividades.

c) No peche de empresas ou das súas instalacións.

d) Na intervención de medios materiais ou persoais.

e) En limitacións de capacidade.

f) En limitacións de horarios de apertura e/ou peche de establecementos, lugares ou actividades.

g) En medidas de seguridade sanitaria e hixiene en determinados lugares e/ou para o desenvolvemento de actividades.

h) Na obrigación de elaboración de protocolos ou plans de continxencia en determinados lugares e/ou para o desenvolvemento de actividades.

i) En medidas de autoprotección individual, tales como o uso de máscara e/ou doutros elementos de protección, e no mantemento de distancias de seguridade interpersoal ou entre mesas ou agrupacións de mesas nos locais abertos ao público e nas terrazas ao aire libre.

j) Na intervención de centros de servizos sociais nos termos previstos no artigo seguinte.

k) Na obrigación de subministración de datos necesarios para o control e a contención do risco para a saúde pública de que se trate e no rexistro dos datos subministrados, en especial de datos que permitan a identificación de persoas procedentes de lugares ou asistentes a actividades ou establecementos que presenten un risco de transmisión de enfermidades infectocontaxiosas, co obxecto de que as autoridades sanitarias poidan desenvolver o seu labor de control e investigación epidemiolóxica de gromos ou situacións de especial risco para a saúde da poboación. En todo caso, os datos rexistrados serán os estritamente indispensables para cumprir coa dita finalidade de

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

control e contención do risco, e os datos de carácter persoal serán tratados con estrito respecto á normativa en materia de protección de datos.

l) En ordenarlles aos cidadáns a prestación de servizos persoais, de acción ou omisión, sempre de forma proporcionada á situación de necesidade.

m) En calquera outra medida axustada á legalidade vixente e sanitariamente xustificada.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, co obxecto de protexer a saúde pública e de previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias autonómicas, dentro do ámbito das súas competencias, cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade:

a) Poderán adoptar medidas preventivas de recoñecemento, tratamento, hospitalización ou control cando se aprecien indicios racionais que permitan supoñer a existencia de perigo para a saúde da poboación debido á situación sanitaria concreta dunha persoa ou grupo de persoas ou polas condicións sanitarias en que se desenvolva unha actividade.

b) Co fin de controlar as enfermidades transmisibles, ademais de realizar as accións preventivas xerais e da posible adopción das medidas preventivas previstas no número 1 deste precepto, poderán adoptar as medidas oportunas para o control dos enfermos, das persoas que estean ou estivesen en contacto con eles e do ambiente inmediato, así como as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible. En particular, poderanse adoptar as seguintes medidas preventivas:

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

1ª) Medidas de control das persoas enfermas, cando sexa procedente, como o illamento en domicilio, o internamento en centro hospitalario ou o illamento ou internamento noutro lugar adecuado para tal fin.

2ª) Sometemento das persoas enfermas a tratamento adecuado.

3ª) Medidas de control das persoas que estean ou estivesen en contacto coas persoas enfermas, como o sometemento a unha corentena no domicilio ou noutro lugar adecuado para tal fin. Para estes efectos, entenderase por corentena a restrición das actividades e a separación, das demais persoas que non están enfermas, dunha persoa respecto da cal se poida ter razoablemente a sospeita de que estivo ou podería ter estado exposta a un risco para a saúde pública e sexa unha posible fonte de propagación adicional de enfermidades, de acordo cos principios científicos, as probas científicas ou a información dispoñible.

4ª) Sometemento a observación ou a medidas de vixilancia do estado de saúde, a exame médico ou a probas diagnósticas de persoas que presenten síntomas compatibles coa enfermidade transmisible de que se trate ou de persoas respecto das cales existan outros indicios obxectivos de que poidan supoñer un risco de transmisión da enfermidade. A observación, o exame ou as probas serán o menos intrusivos ou invasivos posible para permitir lograr o obxectivo de saúde pública consistente en previr ou conter a propagación da enfermidade.

5ª) Sometemento a medidas profilácticas de prevención da enfermidade, incluída a vacinación ou inmunización, con información, en todo caso, dos posibles riscos relacionados coa adopción ou non adopción destas medidas.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

6ª) Medidas de control do contorno inmediato dos enfermos ou das persoas que estean ou estivesen en contacto con eles, así como das zonas afectadas. Para estes efectos, entenderase por zona afectada aqueles lugares xeográficos nos cales sexan necesarias medidas sanitarias de control da propagación da enfermidade. A determinación da zona afectada efectuarase de acordo cos principios de precaución e proporcionalidade, procurando, sempre que resulte posible e eficaz, actuar canto antes ou con maior intensidade ou medida sobre as zonas concretas en que se produza a maior afección, para evitarlle prexuízos innecesarios ao resto da poboación.

Entre outras, estas medidas poderán consistir en:

i) Medidas que comporten a limitación ou restrición da circulación ou mobilidade das persoas dentro da zona afectada, ou en determinados lugares e espazos dentro da dita zona ou en determinadas franxas horarias.

ii) Medidas de control da saída da zona afectada ou de entrada nela.

iii) Restricións ás agrupacións de persoas, incluídas as reunións privadas entre non conviventes, especialmente nos lugares, espazos ou con ocasión do desenvolvemento de actividades que comporten un maior risco de propagación da enfermidade; todo isto sen prexuízo das competencias estatais en relación coas reunións en lugares de tránsito público e as manifestacións realizadas en exercicio do dereito fundamental regulado no artigo 21 da Constitución española.

iv) Medidas de cribado consistentes na realización de probas diagnósticas de determinados sectores ou grupos da poboación particularmente afectados ou vulnerables.

As restricións aos desprazamentos e agrupacións de persoas enumeradas anteriormente nunca poderán ser absolutas e deberán expresar con claridade e precisión os desprazamentos e agrupacións que se restrinxen, actuando con preferencia sobre os desprazamentos e agrupacións por razóns meramente recreativas e de lecer. Deberanse admitir, en todo caso, aqueles desprazamentos e agrupacións

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que se desenvolvan por motivos esenciais ou xustificados compatibles coa protección da saúde, sen prexuízo, de ser o caso, dos controis ou medidas de prevención adicionais que se poidan establecer.

7ª) Aquelas outras medidas sanitarias xustificadas e necesarias que, de acordo cos riscos e coas circunstancias en cada caso concorrentes, se consideren adecuadas para impedir ou controlar a propagación da enfermidade, en función do estado da ciencia e do coñecemento existente en cada momento, sempre con suxeición aos criterios e principios establecidos nesta lei e, en particular, de acordo co principio de proporcionalidade."

Seis. Engádese un novo artigo 38 bis, coa seguinte redacción:

"Artigo 38 bis. Intervención de centros de servizos sociais

1. En casos de risco inminente e grave para a saúde da poboación, como crises sanitarias ou epidemias, a autoridade sanitaria autonómica competente, en función da situación epidemiolóxica e asistencial de cada centro ou do territorio concreto en que este se encontre, e sempre atendendo aos principios de necesidade e de proporcionalidade e á situación de vulnerabilidade das persoas maiores, con discapacidade ou doutras persoas usuarias, poderá intervir os centros de servizos sociais de carácter residencial de persoas maiores, persoas con discapacidade ou outros centros de servizos sociais de análoga natureza, de carácter público ou privado, e dispoñer unha serie de actuacións neles que poderán consistir en:

a) Asumir ou controlar a asistencia sanitaria das persoas residentes co persoal sanitario propio do centro.

b) Ordenar, por motivos de saúde pública xustificados, a alta, a baixa, relocalización e traslado das persoas residentes a outro centro residencial, con independencia do seu

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

carácter público ou privado. A adopción destas medidas requirirá a colaboración voluntaria das persoas afectadas ou, na falta desta, a necesaria garantía xudicial.

c) Establecer as medidas oportunas para a posta en marcha de novos centros residenciais ou a modificación da capacidade ou organización dos existentes.

d) Supervisar e asesorar nas actuacións que leve a cabo o persoal sanitario e non sanitario, de ser o caso, do centro.

e) Designar un empregado público para dirixir e coordinar a actividade asistencial destes centros, que substituirá, plena ou parcialmente, o persoal directivo do centro e que poderá dispoñer dos recursos materiais e humanos do centro residencial intervido, así como dos recursos vinculados á actividade sanitaria asistencial que se lles preste de forma habitual ás persoas residentes nel.

f) Apoiar puntualmente o centro con persoal, de ser necesario.

g) Modificar o uso dos centros residenciais para a súa utilización como espazos para uso sanitario.

2. A intervención acordarase nos termos previstos no artigo seguinte.

3. A intervención terá carácter temporal e a súa duración non poderá exceder a necesaria para atender a situación que a orixinou. A autoridade sanitaria autonómica competente acordará, de oficio ou por petición do titular do centro, o cesamento da intervención cando resulte acreditada a desaparición das causas que a motivasen."

Sete. Engádese un novo artigo 38 ter, coa seguinte redacción:

"Artigo 38 ter. Adopción de medidas preventivas en materia de saúde pública

1. As medidas preventivas previstas no artigo 38 adoptaranse coa urxencia que o caso requira, sen necesidade de seguir un procedemento administrativo específico e con independencia das medidas provisionais que se poidan adoptar de acordo coa

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lexislación vixente no seo dun procedemento administrativo ou con anterioridade á súa iniciación.

2. As medidas adoptaranse de forma motivada, tras ter avaliado os principios científicos, probas científicas ou a información dispoñible nese momento, e tendo en conta o principio de precaución, que posibilitará a súa lícita adopción para asegurar un nivel elevado de protección da cidadanía cando, tras a indicada avaliación, se observe a existencia, fundada, seria e razoable, dun risco actual ou inminente para a saúde da poboación, aínda que siga existindo incerteza científica.

Ademais, as medidas que se adopten deben axustarse aos seguintes requisitos:

a) Respectarán, en todo caso, a dignidade da persoa. En particular, as medidas de posible adopción en relación coas persoas serán o menos intrusivas e invasivas posible para lograr o obxectivo de protección da saúde pública, procurando reducir ao mínimo as molestias ou inquietudes asociadas con tales medidas.

En particular, nos casos de medidas de illamento e corentena deberán quedar garantidas a subministración de alimentos e de bens de primeira necesidade e a dispoñibilidade de medios para o mantemento das comunicacións necesarias. O custo de tal subministración e dispoñibilidade só será por conta da Administración autonómica en caso de imposibilidade de sufragalo o suxeito ou suxeitos afectados. Cando as circunstancias impoñan o cumprimento destas medidas fóra do domicilio do suxeito ou suxeitos afectados, deberanse poñer á súa disposición instalacións adecuadas para iso, á custa da Administración autonómica.

b) Buscarase sempre con preferencia a colaboración voluntaria das persoas afectadas coas autoridades sanitarias.

c) Non se poderán ordenar medidas obrigatorias que comporten risco para a vida.

d) Deberanse utilizar as medidas que menos prexudiquen a libre circulación das persoas e dos bens, a liberdade de empresa e calquera outro dereito afectado.

e) Deberán ser proporcionadas ao fin perseguido.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. No caso particular de medidas limitativas de dereitos fundamentais e liberdades públicas, o requisito de proporcionalidade previsto no punto anterior exixirá que:

1º) As medidas sexan adecuadas, no sentido de útiles para conseguir o fin proposto de protección da saúde pública.

2º) As medidas sexan necesarias, no sentido de que non exista outra medida alternativa menos gravosa para a consecución do dito fin con igual eficacia.

3º) As medidas sexan ponderadas ou equilibradas por derivaren delas máis beneficios ou vantaxes para o interese xeral que prexuízos sobre outros bens ou valores en conflito, atendidas a gravidade da inxerencia nos dereitos fundamentais e liberdades públicas e as circunstancias persoais de quen a sofre.

Na motivación das medidas xustificarase de forma expresa a súa proporcionalidade nos termos indicados.

Ademais, a adopción destas medidas requirirá a necesaria garantía xudicial conforme o disposto na lexislación procesual aplicable.

4. As medidas serán sempre temporais. A súa duración fixarase para cada caso e non excederá o que exixa a situación de risco inminente e extraordinario que as xustificou, sen prexuízo das prórrogas sucesivas acordadas mediante resolucións motivadas.

5. Cando as medidas afecten unha pluralidade indeterminada de persoas, serán obxecto de publicación no diario oficial correspondente.

Se a medida afecta unha ou varias persoas determinadas, daráselles audiencia con carácter previo á súa adopción, sempre que iso sexa posible. Se, debido á urxencia do asunto, non for posible efectuar tal audiencia previamente, realizarase nun momento oportuno tras a adopción e posta en aplicación da medida.

6. A execución das medidas poderá incluír, cando resulte necesario e proporcionado, a intervención directa sobre as cosas e a compulsión directa sobre as persoas, con independencia das sancións que, de ser o caso, se poidan impoñer. Para estes efectos, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade que sexa necesaria para a execución das medidas.

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo parlamentario popular de galicia

7. As autoridades sanitarias informarán a poboación potencialmente afectada, para protexer a súa saúde e seguridade, polos medios en cada caso máis apropiados, dos riscos existentes e das medidas adoptadas, así como das precaucións procedentes tanto para que eles mesmos se poidan protexer do risco como para conseguir a súa colaboración na eliminación das súas causas, e para estes efectos poderán formular as recomendacións sanitarias apropiadas."

Oito. Engádese un artigo 38 quater, coa seguinte redacción:

"Artigo 38 quater. Protección da saúde pública a través das novas tecnoloxías

1. As autoridades sanitarias deberán potenciar o papel das novas tecnoloxías na xestión e no control dos riscos para a saúde pública.

2. Para os efectos previstos no punto anterior, entre outras iniciativas poderanse desenvolver sistemas de información e aplicacións para dispositivos móbiles que operen como medidas complementarias para a xestión de crises sanitarias derivadas de enfermidades de carácter transmisible. Os ditos sistemas de información e aplicacións poderán ter, entre outras, as seguintes funcionalidades:

a) Recepción, por parte da persoa usuaria, de información ou alertas relativas a consellos prácticos e orientacións de carácter xeral fronte á enfermidade de que se trate, así como recomendacións respecto de accións e medidas adecuadas que cómpre seguir.
b) Xeolocalización de recursos de interese que poidan servir de apoio á cidadanía para o seguimento das pautas de saúde, de mobilidade ou outras.
c) Determinación do nivel de risco transmisor da persoa usuaria, sobre a base dos datos que da persoa usuaria teña o Sistema público de saúde de Galicia.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

d) Identificación de contactos da persoa usuaria que sexan epidemioloxicamente relevantes.

e) Recepción, pola persoa usuaria, de avisos sobre o risco efectivo en que se encontre por ser contacto epidemioloxicamente relevante dunha persoa diagnosticada da enfermidade transmisible.

f) Proporcionar á persoa usuaria o soporte dixital de información ou documentación individual relativa ás súas circunstancias laborais, de localización xeográfica ou outras, coa finalidade de facilitar a aplicación das medidas que adopten as autoridades competentes na xestión da crise sanitaria, na medida e nos termos que o permitan as disposicións ou actos que disciplinen tales medidas.

Tanto no desenvolvemento como na posta en marcha e no funcionamento destes sistemas e aplicacións e, posteriormente, na súa desactivación garantirase o necesario respecto á normativa vixente en materia de protección de datos e confidencialidade das comunicacións."

Nove. Engádese un novo artigo 38 quinquies, coa seguinte redacción:

"Artigo 38 quinquies. Cooperación e colaboración administrativas en materia de saúde pública

1. No exercicio das súas propias competencias, a Administración xeral da Comunidade Autónoma e os concellos facilitaranse a información que precisen en materia de saúde pública e prestaranse reciprocamente a cooperación e a asistencia activa para o eficaz exercicio daquelas.

2. Os órganos competentes da Administración autonómica e da local, no marco das súas respectivas competencias, e de acordo cos principios de eficacia, coordinación,

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

colaboración e lealdade institucional, velarán pola observancia da normativa de saúde pública e polo cumprimento das medidas de prevención, exercendo as oportunas funcións de inspección, control e sanción, de conformidade co disposto nesta lei e na demais normativa vixente.

3. Os concellos poderán solicitar a colaboración e o apoio técnico que precisen da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das deputacións provinciais para o cumprimento desta lei. Para este efecto, poderanse subscribir os oportunos convenios de colaboración.

4. Cando non se subscribisen os convenios a que se refire o número 3, a Administración xeral da Comunidade Autónoma prestará apoio aos concellos cando estes llo soliciten expresamente, con motivación da concorrencia de circunstancias de carácter extraordinario que puntualmente superen a capacidade municipal.

5. En particular, nos casos de crises sanitarias ou epidemias, a Administración autonómica poderá asumir, na forma establecida no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia das autoridades sanitarias locais, especialmente a realización de actividades auxiliares, previas, preparatorias ou de colaboración material cos órganos administrativos instrutores de expedientes sancionadores, por razóns de eficacia ou cando as autoridades sanitarias locais non posúan os medios técnicos, persoais ou materiais idóneos para o seu desempeño, priorizando os casos dos municipios de menor poboación e medios.”

Dez. O artigo 39 queda redactado como segue:

“Artigo 39. Concepto e procedemento

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo parlamentario popular de galicia

1. Son infraccións sanitarias e en saúde pública as accións ou omisións tipificadas na presente lei e nas leis estatais e autonómicas que sexan de aplicación nesta materia.
2. As infraccións tipificadas nesta lei serán obxecto, logo de incoación do oportuno expediente, das sancións administrativas establecidas no presente título, sen prexuízo da responsabilidade civil, penal ou doutra orde que poida concorrer.
3. Se unha mesma acción ou omisión for constitutiva de dúas ou más infraccións, tomarase en consideración unicamente aquela que comporte maior sanción.
4. En calquera momento do procedemento sancionador en que o órgano instrutor considere que as infraccións poidan ser constitutivas de delito, a Administración pasará o tanto de culpa á xurisdición competente e absterase de seguir o procedemento sancionador mentres a autoridade xurisdicional non dite resolución xudicial firme. Se non se estima a existencia de delito, a Administración continuará o expediente sancionador tomando como base os feitos que os tribunais considerasen probados.
5. Igualmente, se o órgano competente para resolver o procedemento sancionador ten coñecemento da instrución de causa penal ante os tribunais de xustiza e estima que existe identidade de suxeito, feito e fundamento entre a infracción administrativa e a infracción penal que poida concorrer, acordará a suspensión do procedemento ata que se dite resolución xudicial firme.
6. As medidas administrativas que se adoptasen para salvagardar a saúde e seguridade das persoas manteranse ata que a autoridade xudicial se pronuncie respecto a elas ou ben cese a necesidade delas.
7. O previsto nesta lei non exclúe a posibilidade de aplicación, cando resulte procedente segundo o caso concreto, do réxime sancionador previsto noutras leis, sen que en ningún caso se poida impoñer unha dobre sanción polos mesmos feitos e en función dos mesmos intereses públicos protexidos, sen prexuízo de que se exixan as demais responsabilidades que se deduzan doutros feitos ou infraccións concorrentes.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

8. Non terán carácter de sanción a clausura ou peche de establecementos, instalacións ou servizos que non conten coas autorizacións ou rexistros sanitarios preceptivos, ou a suspensión do seu funcionamento ata que se rectifiquen os defectos ou se cumpran os requisitos exixidos por razóns de sanidade, hixiene ou seguridade, nin a retirada do mercado, cautelar ou definitiva, de produtos ou servizos polas mesmas razóns.

9. A tramitación dun procedemento sancionador polas infraccións reguladas neste capítulo non postergará a exixencia das obrigacións de adopción de medidas de prevención, de evitación de novos danos ou de reparación, previstas nesta lei, que serán independentes da sanción que, de ser o caso, se impoña.

10. O prazo máximo para ditar e notificar as resolucións sancionadoras por infraccións en materia sanitaria e en saúde pública será de nove meses."

Once. Engádese un novo artigo 39 bis, coa seguinte redacción:

"Artigo 39 bis. Suxeitos responsables das infraccións

1. As persoas físicas ou xurídicas responsables, a título de dolo ou culpa, das accións ou omisións que constitúan infraccións sanitarias e en saúde pública conforme esta lei serán sancionadas de acordo co disposto neste capítulo.

2. Das infraccións cometidas por menores de idade serán responsables subsidiarios os seus pais e nais, titores/as e gardadores/as legais ou de feito, por esta orde, ou a persoa adulta responsable a quen se lle encomendase o coidado do/a menor no suposto de infraccións cometidas en presenza desta."

Doce. Engádese un artigo 41 bis, coa seguinte redacción:

"Artigo 41 bis. Infraccións leves en materia de saúde pública

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

Tipifícanse como infraccións leves en saúde pública, ademais das establecidas na lexislación básica, as seguintes:

a) O incumprimento da obrigación de uso de máscaras ou doutros medios de protección ou o uso inadecuado dunhas ou doutros, nos termos establecidos pola normativa sanitaria ou polas medidas de prevención, ordes, resolucións ou actos aprobados, por razóns de protección da saúde pública, polas autoridades sanitarias competentes, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

b) O incumprimento da prohibición de consumo de bebidas alcohólicas na vía pública, parques e prazas públicas, e noutros lugares de tránsito público, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

c) A negativa inxustificada ao sometemento a recoñecemento médico ou á realización de probas diagnósticas prescritas lexitimamente polos profesionais sanitarios ou polas autoridades sanitarias coa finalidade de detección, seguimento e control dunha enfermidade infectocontaxiosa transmisible, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

d) A negativa inxustificada ao sometemento a medidas de prevención, consistentes na vacinación ou inmunización prescritas polas autoridades sanitarias, de acordo co establecido nesta lei, coa finalidade de prevención e control dunha enfermidade infectocontaxiosa transmisible, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

e) O incumprimento de medidas de prevención aprobadas pola autoridade sanitaria, consistentes na limitación da liberdade ambulatoria ou de circulación, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

f) O incumprimento das medidas de prevención aprobadas pola autoridade sanitaria, consistentes en limitacións ás agrupacións de persoas en reunións e/ou encontros, tanto no ámbito privado como público, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

g) A participación en reunións, festas ou calquera outro tipo de actividade ou acto, permanente ou esporádico, de carácter privado ou aberto ao público, en espazos públicos, abertos ao público ou privados, nos cales se produzan aglomeracións contrarias ás medidas sanitarias de prevención aprobadas polas autoridades sanitarias ou nos cales se incumpran as medidas de seguridade e precaución dispostas por estas, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

h) O incumprimento das medidas preventivas de seguridade sanitaria e hixiene exixibles nos lugares de traballo, establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público ou que se encontren abertos ao público e para o desenvolvemento de actividades, que sexan establecidas polas autoridades sanitarias competentes, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

i) O incumprimento do horario de apertura ou peche de establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público ou que se encontren abertos ao público ou para o desenvolvemento de actividades establecido como medida preventiva polas autoridades sanitarias competentes, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

j) O incumprimento da obrigación de elaboración de protocolos ou plans de continxencia en relación con aqueles edificios, lugares de traballo, establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público ou abertos ao público ou en relación co desenvolvemento de actividades, respecto dos cales establecesen esta exixencia as autoridades sanitarias competentes como medida preventiva, se as

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

k) O incumprimento, por parte dos establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público ou que se encontren abertos ao público ou con ocasión do desenvolvemento de actividades, de medidas preventivas sobre limitación de capacidade ou outras relativas á organización ou ao exercicio da actividade, adoptadas polas autoridades sanitarias, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

l) O incumprimento das medidas preventivas adoptadas pola autoridade sanitaria competente en materia de distancia de seguridade entre persoas ou entre mesas ou agrupacións de mesas nos locais abertos ao público e en terrazas ao aire libre, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación.

m) O incumprimento, por acción ou omisión, da normativa sanitaria vixente ou das medidas de prevención, ordes, resolucións ou actos aprobados polas autoridades sanitarias competentes por razóns de protección da saúde pública, se as repercusións producidas tiveron unha incidencia escasa ou sen transcendencia directa na saúde da poboación, e sempre que o dito incumprimento non estea tipificado como infracción grave ou moi grave.

n) O incumprimento, por parte da persoa titular da instalación, establecemento, empresa ou actividade e con ocasión do seu funcionamento ou desenvolvemento, do deber de previr a comisión dalgunha das infraccións leves previstas nesta lei por parte das persoas suxeitas á súa dependencia ou vinculación."

Trece. Engádese un artigo 42 bis, coa seguinte redacción:

"Artigo 42 bis. Infraccións graves en materia de saúde pública

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

Tipifícanse como infraccións graves en saúde pública, ademais das establecidas na lexislación básica, as seguintes:

a) A denegación de apoio, auxilio ou colaboración ás autoridades sanitarias ou aos seus axentes, cando non sexa constitutivo de infracción moi grave.
b) O incumprimento das instrucións recibidas da autoridade sanitaria competente, se comporta danos para a saúde, cando non sexa constitutivo de infracción moi grave.
c) A realización das condutas previstas nas alíneas a), b), c), d), e), f), g), h), i), j), k), l) e m) do artigo 41 bis, cando poidan producir un risco ou un dano grave para a saúde da poboación, sempre que non sexan constitutivas de infracción moi grave.
d) A falta de cumprimento voluntario da medida de illamento prescrita ou indicada polos profesionais sanitarios ou polas autoridades sanitarias con motivo da atención sanitaria a persoas diagnosticadas dunha enfermidade transmisible ou con síntomas da dita enfermidade, cando non sexa constitutivo de infracción moi grave.
e) A falta de cumprimento voluntario da obrigación de corentena indicada ou prescrita polas autoridades sanitarias, os profesionais sanitarios, o persoal encargado do rastrexamento e seguimento de contactos ou calquera outro axente de saúde pública que teña encomendadas estas funcións, cando non sexa constitutivo de infracción moi grave.
f) A resistencia ou a obstrución fronte ás autoridades sanitarias ou aos seus axentes, ou ás forzas e corpos de seguridade, no cumprimento ou execución daquelas actuacións que foren exixibles de acordo coa normativa sanitaria en materia de saúde pública ou coas medidas de prevención, ordes ou instrucións ditadas pola autoridade sanitaria competente en aplicación da dita normativa.
g) O incumprimento das obrigacións de comunicación de información e doutras obrigacións en materia de saúde pública establecidas pola normativa sanitaria ou polas medidas de prevención ditadas pola autoridade sanitaria competente en aplicación da dita normativa, cando revista carácter de gravidade.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

h) A falta de colaboración ou a negativa a subministrar datos ou a facilitar información, ou a subministración intencionada de datos falsos, incorrectos ou incompletos ás autoridades sanitarias ou aos seus axentes no desenvolvemento dos labores de inspección ou control sanitarios ou de investigación epidemiolóxica de gromos ou situacións de especial risco para a saúde da poboación, cando non sexa constitutiva de infracción moi grave.

i) A apertura de locais, a celebración de actos ou a realización de actividades que fosen expresamente prohibidas ou suspendidas, xa sexa con carácter xeral, xa particular, en virtude de medidas preventivas, orde, resolución ou acto da autoridade sanitaria competente por razóns de saúde pública, ou que non fosen autorizadas por esta nos casos en que tal autorización sexa exixible por razóns de saúde pública, cando a conduta non sexa constitutiva de infracción moi grave.

j) A organización por calquera medio de reunións, festas ou calquera outro tipo de actividade ou acto, permanente ou esporádico, de carácter privado ou aberto ao público, en espazos públicos, abertos ao público ou privados, nos cales se produzan aglomeracións contrarias ás medidas sanitarias de prevención aprobadas polas autoridades sanitarias ou nos cales se incumpran as medidas de seguridade e precaución dispostas por estas, sempre que non sexa constitutiva de infracción moi grave.

k) A realización doutras condutas ou omisións que poidan producir un risco ou un dano grave para a saúde da poboación, cando esta non sexa constitutiva de infracción moi grave.

l) O incumprimento, por parte da persoa titular da instalación, establecemento, empresa ou actividade e con ocasión do seu funcionamento ou desenvolvemento, do deber de previr a comisión dalgunha das infraccións graves previstas nesta lei por parte das persoas suxeitas á súa dependencia ou vinculación.

m) A reincidencia na comisión de infraccións leves nos últimos doce meses."

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

Catorce. Engádese un artigo 43 bis, coa seguinte redacción:

"Artigo 43 bis. Infraccións moi graves en materia de saúde pública

Tipifícanse como infraccións moi graves en saúde pública, ademais das establecidas na lexislación básica, as seguintes:

a) O incumprimento, por acción ou omisión, da normativa sanitaria vixente, ou das medidas de prevención, ordes, resolucións ou actos aprobados polas autoridades sanitarias competentes por razóns de saúde pública, cando se produza un risco ou un dano moi grave para a saúde da poboación.

b) A falta de cumprimento voluntario da medida de illamento prescrita ou indicada polos profesionais sanitarios ou polas autoridades sanitarias, con motivo da atención sanitaria, a persoas diagnosticadas dunha enfermidade transmisible ou con síntomas compatibles coa dita enfermidade, de forma repetida ou reiterada, ou cando se produza dano grave ou risco ou dano moi grave para a saúde da poboación.

c) A falta de cumprimento voluntario da obrigación de corentena indicada ou prescrita polas autoridades sanitarias, polos profesionais sanitarios, polo persoal encargado do rastrexamento e seguimento de contactos ou por calquera outro axente de saúde pública que teña encomendadas estas funcións, de forma repetida ou reiterada, ou cando se produza dano grave ou risco ou dano moi grave para a saúde da poboación.

d) As previstas nas alíneas a), b), c), f), g), h), i) e j) do artigo 42 bis, cando se produza un risco ou un dano moi grave para a saúde da poboación.

e) A realización doutras condutas ou omisións que produzan un risco ou un dano moi grave para a saúde da poboación.

f) O incumprimento, por parte da persoa titular da instalación, establecemento, empresa ou actividade e con ocasión do seu funcionamento ou desenvolvemento, do deber de

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

previr a comisión dalgunha das infraccións moi graves previstas nesta lei por parte das persoas suxeitas á súa dependencia ou vinculación."

g) A reincidencia na comisión de faltas graves nos últimos cinco anos."

Quince. Engádese un artigo 44 bis, coa seguinte redacción:

"Artigo 44 bis. Sancións en materia de saúde pública

1. As infraccións en materia de saúde pública serán sancionadas gardando a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, e establecerase unha gradación desta en grao mínimo, medio e máximo para cada nivel de cualificación. Para a determinación da sanción que se vai impoñer, dentro de cada un destes graos, deberase atender aos criterios establecidos no artigo 29.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e no artigo 57.1 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como ao incumprimento das advertencias previas, ao número de persoas postas en risco ou afectadas, especialmente se se trata de colectivos vulnerables, ao nivel de responsabilidade exixible en función da condición profesional do responsable da infracción, aos beneficios obtidos a causa da infracción e á permanencia ou transitoriedade dos riscos.

2. As infraccións en saúde pública tipificadas nos artigos 41 bis, 42 bis e 43 bis serán sancionadas con multas, conforme a gradación seguinte:

a) Infraccións leves:

1º) Grao mínimo: ata 1.000 euros.

2º) Grao medio: de 1.001 a 2.000 euros.

3º) Grao máximo: de 2.001 a 3.000 euros.

b) Infraccións graves:

1º) Grao mínimo: de 3.001 a 20.000 euros.

2º) Grao medio: de 20.001 a 40.000 euros.

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3º) Grao máximo: de 40.001 a 60.000 euros.

c) Infraccións moi graves:

1º) Grao mínimo: de 60.001 a 200.000 euros.

2º) Grao medio: de 200.001 a 400.000 euros.

3º) Grao máximo: de 400.001 a 600.000 euros; esta contía poderase exceder ata acadar o quíntuplo do valor de mercado dos produtos ou servizos obxecto da infracción.

Malia o disposto anteriormente, á conduta consistente no incumprimento da obrigación de uso de máscaras ou no uso inadecuado destas, cando se cualifique como infracción leve, de acordo co establecido neste capítulo, corresponderalle unha sanción mínima de multa na contía de 100 euros, sen prexuízo, non obstante, da posible imposición dunha sanción de multa de contía superior dentro das previstas para infraccións leves, e mesmo da posible tipificación da conduta como infracción de maior gravidade, todo isto en atención ás circunstancias concorrentes e ao disposto neste capítulo.

No caso de infraccións moi graves, ademais da sanción de multa poderanse impoñer como sancións accesorias:

a) A prohibición de percibir calquera tipo de axudas ou subvencións por parte da Administración pública autonómica e local galega por un período de entre un e cinco anos.

b) O peche temporal dos establecementos ou servizos por un prazo máximo de cinco anos.

3. Malia o indicado no número 2, co fin de evitar que a comisión de infraccións resulte máis beneficiosa para a persoa que comete a infracción que o cumprimento das normas infrinxidas, a contía máxima das sancións de multa previstas no dito punto poderase incrementar ata acadar o importe do beneficio ilícito obtido coa comisión da infracción de que se trate.

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4. A autoridade competente para resolver o expediente poderá acordar, así mesmo, como sanción accesoria, o comiso de bens ou produtos deteriorados, caducados, non autorizados ou que por calquera outra causa poidan entrañar risco para a saúde ou seguridade das persoas, e serán por conta de quen cometa a infracción os gastos que orixine a súa intervención, depósito, comiso, transporte ou destrución.
5. As reducións acumulables a que se refire o artigo 85 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, serán do 25 % cada unha delas."

Dezaseis. Modifícase o artigo 45, que queda redactado como segue:

"Artigo 45. Competencia para a imposición de sancións sanitarias

1. Os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma competentes para a imposición das sancións polas infraccións previstas nos artigos 41, 42 e 43, con excepción das recollidas no número 2 deste artigo, son os seguintes:
a) Os órganos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, de ser o caso, ata 120.202,42 euros, nos termos que se establezan regulamentariamente.
b) O Consello da Xunta, desde 120.202,43 euros.
2. Corresponderalles aos concellos o exercicio da competencia sancionadora pola comisión das infraccións previstas nos artigos 41, 42 e 43, sempre que as ditas infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de control sanitario.
3. A Administración autonómica poderá actuar en substitución dos concellos nos supostos e cos requisitos recollidos na lexislación de réxime local."

Dezasete. Engádese un artigo 45 bis, coa seguinte redacción:

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

grupo parlamentario popular de galicia

“Artigo 45 bis. Competencia para sancionar as infraccións en materia de saúde pública

1. Correspóndelles aos concellos a competencia para incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores polas seguintes infraccións en saúde pública tipificadas nesta lei:

a) As infraccións leves previstas nas alíneas a), b), f), g), h), i), j), k) e l) do artigo 41 bis.

b) As infraccións leves previstas nas alíneas m) e n) do artigo 41 bis, cando as ditas infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de control sanitario.

c) As infraccións graves previstas nas alíneas a), b) e f) do artigo 42 bis, cando as infraccións se cometan en relación coas autoridades sanitarias locais, cos seus axentes ou coa policía local.

d) As infraccións graves da alínea c) do artigo 42 bis, cando se refiran a condutas respecto das cales, na súa cualificación como infracción leve, lles corresponda exercer a potestade sancionadora aos concellos conforme as alíneas anteriores.

e) As infraccións graves previstas nas alíneas g), h), k) e l) do artigo 42 bis, cando as ditas infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de control sanitario.

f) As infraccións graves previstas nas alíneas i) e j) do artigo 42 bis.

g) A infracción grave prevista na alínea m) do artigo 42 bis, cando se refira a infraccións leves respecto das cales lles corresponda exercer a potestade sancionadora aos concellos conforme o indicado neste número 1.

h) As infraccións moi graves prevista nas alíneas a), e) e f) do artigo 43 bis, cando afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de control sanitario.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

i) As infraccións moi graves da alínea d) do artigo 43 bis, cando se refiran a condutas respecto das cales, na súa cualificación como infracción grave, lles corresponda exercer a potestade sancionadora aos concellos conforme os puntos anteriores.

j) A infracción moi grave prevista na alínea g) do artigo 43 bis, cando se refira a infraccións graves respecto das cales lles corresponda exercer a potestade sancionadora aos concellos conforme o indicado neste número 1.

2. Correspóndelle á Administración autonómica a competencia para incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores polas infraccións en saúde pública tipificadas nesta lei distintas das enumeradas no número 1.

3. Os órganos autonómicos competentes para o exercicio da potestade sancionadora nos supostos previstos no punto anterior son:

a) A persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de sanidade cando se trate de infraccións leves e graves.

b) A persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, cando se trate de infraccións moi graves.

4. Sen prexuízo do establecido no número 1, os órganos competentes da Administración autonómica, de acordo coas regras competenciais previstas para os expedientes sancionadores de competencia autonómica, asumirán a incoación, instrución e resolución dos procedementos sancionadores polas infraccións previstas no número 1, no suposto de falta de actuacións dos concellos ante as denuncias presentadas pola cidadanía ou derivadas das actuacións de inspección, unha vez instados a actuar polos órganos competentes da Comunidade Autónoma e transcorrido o prazo concedido, que en ningún caso poderá ser inferior a un mes desde a recepción do requirimento, sen que se producise a notificación ao órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma da incoación do correspondente procedemento sancionador."

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

Dezaoito. O artigo 46 queda redactado como segue:

"Artigo 46. Medidas provisionais previas á apertura do expediente sancionador

1. Con anterioridade á iniciación do expediente sancionador que corresponda, o órgano autonómico ou local competente poderá adoptar, de oficio ou por instancia de parte e de forma motivada, por razóns de urxencia inaprazable e para a protección provisional dos intereses implicados, as medidas provisionais previas que resulten necesarias e proporcionadas cando exista risco grave ou perigo inminente para a seguridade ou saúde das persoas ou cando se incumpran gravemente as condicións sanitarias, de salubridade e de hixiene.

2. Nos casos do punto anterior, os órganos competentes poderán adoptar algunha ou algunhas das seguintes medidas:

a) A suspensión de actividades, celebracións, eventos, espectáculos públicos ou actividades recreativas.

b) O desaloxo, a clausura e/ou o precinto de centros, servizos, establecementos ou instalacións.

3. As medidas adoptaranse mediante resolución motivada, respectando sempre o principio de proporcionalidade e logo de audiencia ás persoas interesadas. O trámite de audiencia poderase omitir en casos de extraordinaria urxencia debidamente xustificados na resolución.

4. As medidas provisionais adoptadas deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento sancionador, que se deberá efectuar dentro dos quince días seguintes ao da súa adopción, o cal poderá ser obxecto do recurso que proceda.

En todo caso, estas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no dito prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso sobre elas.

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

5. A Administración competente para adoptar as medidas previstas neste artigo será a mesma que teña atribuída a competencia para a incoación do procedemento sancionador que corresponda.

Nos casos de competencia autonómica, o órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para adoptar as ditas medidas será o que teña atribuída a competencia para incoar o correspondente procedemento sancionador ou o órgano instrutor.

6. Tendo en conta a afectación ás competencias autonómicas, a Administración autonómica poderá adoptar as medidas provisionais previas en supostos de competencia dos concellos, de acordo co previsto no punto anterior, á custa e en substitución destes, en caso de inhibición da entidade local, logo de requirimento a esta que non sexa atendido no prazo indicado para o efecto, que en ningún caso poderá ser inferior a un mes. A non atención do requirimento por parte da entidade local exixirá a alegación dunha causa xustificada e debidamente motivada.

Tamén poderá adoptar as citadas medidas por razóns de urxencia inaprazable e extraordinaria que así o xustifiquen e, neste caso, as medidas deberán ser postas en coñecemento inmediato do concello respectivo.

O órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para adoptar as medidas provisionais previas, nos supostos previstos neste punto, será o que teña atribuída a competencia para a incoación ou instrución de expedientes sancionadores de competencia autonómica."

Dezanove. Engádese un artigo 46 bis, coa seguinte redacción:

"Artigo 46 bis. Medidas de adopción directa polos axentes das forzas e corpos de seguridade

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. En casos de realización de actividades que comporten un risco grave ou perigo inminente para a saúde das persoas, os axentes dos corpos e forzas de seguridade poderán adoptar de forma directa, logo de requirimento ás persoas responsables da realización daquelas e no caso de que este non sexa atendido, as seguintes medidas:

a) A suspensión inmediata de actividades e o desaloxo e precinto de centros, servizos, establecementos ou instalacións.

b) Aquelas outras medidas que se consideren necesarias, en atención ás circunstancias concorrentes en cada caso, para garantir a seguridade e saúde das persoas, e que garden a debida proporción en atención aos bens e dereitos obxecto de protección.

2. En caso de que os axentes adopten as medidas indicadas no punto anterior, deberanllo comunicar inmediatamente ao órgano competente de acordo co artigo 46 para adoptar as medidas provisionais previas pertinentes, que deberá confirmalas, modificalas ou levantalas no prazo de corenta e oito horas desde a indicada comunicación. O incumprimento do dito prazo comporta automaticamente o levantamento das medidas inmediatas adoptadas.

3. Se o órgano indicado no punto anterior ratifica as medidas adoptadas, o réxime de confirmación, modificación ou levantamento posterior rexerase polo que dispón o artigo 46.

4. O disposto nos puntos anteriores enténdese sen prexuízo das medidas que poida adoptar a Administración xeral do Estado no exercicio das súas competencias."

Vinte. Engádese un artigo 46 ter, coa seguinte redacción:

"Artigo 46 ter. Medidas provisionais durante o procedemento sancionador

1. Unha vez incoado o procedemento sancionador, o órgano administrativo competente para resolvelo poderá adoptar, de oficio ou por instancia de parte, en calquera

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

momento, mediante resolución motivada e logo de audiencia ás persoas interesadas, as medidas provisionais que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que se poida ditar, así como para a salvagarda da saúde, de existiren elementos de xuízo suficientes para iso, de acordo cos principios de proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade.

O trámite de audiencia previa poderase omitir en caso de urxencia, que deberá estar debidamente motivada na resolución que determine a adopción das medidas provisionais. Nestes casos, efectuarase un trámite de audiencia con posterioridade á adopción da medida.

2. As medidas provisionais deberán ser proporcionadas á natureza e gravidade das infraccións cometidas, e poderán consistir nalgunha das previstas no artigo 46 ou en calquera outra que asegure a eficacia da resolución que se poida ditar. Non se poderán adoptar medidas provisionais que poidan causar prexuízo de difícil ou imposible reparación ás persoas interesadas ou que impliquen violación de dereitos amparados polas leis.

3. As medidas provisionais poderán ser alzadas ou modificadas durante a tramitación do procedemento, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En todo caso, extinguiranse coa eficacia da resolución administrativa que poña fin ao procedemento."

Vinte e un. O artigo 47 queda redactado como segue:

"Artigo 47. Prescrición de infraccións e de sancións

1. As infraccións leves prescribirán ao ano, as graves aos tres anos e as moi graves aos cinco anos.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contar desde o día en que a infracción se cometese.

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nos supostos de infraccións continuadas, o prazo de prescrición comezará a contar desde o momento da finalización da actividade ou do último acto con que a infracción se consuma. No caso de que os feitos ou actividades constitutivos de infracción sexan descoñecidos por careceren de signos externos, o dito prazo computarase desde que estes se manifesten.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador e o prazo de prescrición reiniciarase se o expediente sancionador está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

2. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescribirán ao ano, as impostas por faltas graves aos tres anos e as impostas por faltas moi graves aos cinco anos.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola cal se impón a sanción ou transcorrese o prazo para recorrer contra ela.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución e volverá transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

No caso de desestimación presunta do recurso de alzada interposto contra a resolución pola cal se impón a sanción, o prazo de prescrición da sanción comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo legalmente previsto para a resolución do dito recurso."

Vinte e dous. O título do artigo 78 pasa a ser: "Asesoramento e consulta".

Vinte e tres. O número 5 do artigo 78 queda redactado como segue:

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

"5. A persoa titular da consellería competente en materia de sanidade poderá designar asesores sectoriais en materias específicas relacionadas coa asistencia e organización sanitarias, coa saúde pública, coa docencia e investigación nas ciencias da saúde e, en xeral, en calquera outra materia de interese sanitario respecto á cal resulte conveniente solicitar asesoramento especializado. Estas persoas poderán prestar asesoramento individualmente ou integrando grupos de traballo.

En particular, promoverase a actuación de grupos de traballo integrados por profesionais cualificados para o asesoramento na xestión de crises sanitarias e na adopción de medidas preventivas adecuadas para o control de enfermidades transmisibles."

Disposición transitoria única. Réxime transitorio en materia sancionadora

1. Respecto dos feitos cometidos con anterioridade á entrada en vigor desta lei, serán de aplicación as disposicións sancionadoras vixentes no momento de producirse tales feitos.

2. Os procedementos sancionadores en tramitación no momento da entrada en vigor desta lei rexeranse pola normativa vixente no momento da súa incoación.

3. Corresponderalles aos concellos a competencia para resolver os procedementos sancionadores por feitos acaecidos antes da entrada en vigor de esta lei que sexan constitutivos de infracción en materia de saúde pública, sempre que tales infraccións afecten as áreas de responsabilidade mínima sobre as cales exercen competencias de control sanitario de acordo co artigo 42 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e co artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

4. Malia o disposto nos dos puntos anteriores, de conformidade co artigo 26.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as disposicións sancionadoras previstas nesta lei producirán efecto retroactivo en canto favorezan o presunto infractor ou o infractor, tanto no referido á tipificación da infracción como á

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

grupo parlamentario popular de galicia

sanción e aos seus prazos de prescrición, mesmo respecto das sancións pendentes de cumprimento ao entrar en vigor a nova disposición.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Alberto Núñez Feijóo na data 19/11/2020 13:45:22

Pedro Puy Fraga na data 19/11/2020 13:47:44

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 19/11/2020 13:55:29

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 19/11/2020 13:56:06

María Elena Candia López na data 19/11/2020 13:57:02

Paula Prado del Río na data 19/11/2020 13:57:57

María Encarnación Amigo Díaz na data 19/11/2020 13:58:50

Raquel Arias Rodríguez na data 19/11/2020 14:00:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

grupo parlamentario popular de galicia

José Antonio Armada Pérez na data 19/11/2020 14:07:12

José Manuel Balseiro Orol na data 19/11/2020 14:07:53

Diego Calvo Pouso na data 19/11/2020 14:08:21

Ramón Carballo Páez na data 19/11/2020 14:09:00

Francisco José Conde López na data 19/11/2020 14:11:52

José Manuel Cores Tourís na data 19/11/2020 14:12:30

María Sol Díaz Mouteira na data 19/11/2020 14:12:50

Teresa Egerique Mosquera na data 19/11/2020 14:13:44

Martín Fernández Prado na data 19/11/2020 14:14:15

José Luis Ferro Iglesias na data 19/11/2020 14:14:32

Fabiola García Martínez na data 19/11/2020 14:14:44

José González Vázquez na data 19/11/2020 14:15:08

Valeriano Martínez García na data 19/11/2020 14:15:40

María Guadalupe Murillo Solís na data 19/11/2020 14:15:55

Marta Nóvoa Iglesias na data 19/11/2020 14:16:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

grupo parlamentario popular de galicia

José Alberto Pazos Couñago na data 19/11/2020 14:17:00

Noelia Pérez López na data 19/11/2020 14:17:26

Carmen María Pomar Tojo na data 19/11/2020 14:17:55

María Corina Porro Martínez na data 19/11/2020 14:18:21

Rosa María Quintana Carballo na data 19/11/2020 14:19:14

José Manuel Rey Varela na data 19/11/2020 14:19:46

Ovidio Rodeiro Tato na data 19/11/2020 14:20:05

Román Rodríguez Gónzalez na data 19/11/2020 14:20:49

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 19/11/2020 14:21:05

Alfonso Rueda Valenzuela na data 19/11/2020 14:21:18

Cristina Sanz Arias na data 19/11/2020 14:21:41

María Elena Suárez Sarmiento na data 19/11/2020 14:22:12

Jesús Vázquez Almuíña na data 19/11/2020 14:22:34

Sandra Vázquez Domínguez na data 19/11/2020 14:23:04

María Ángeles Vázquez Mejuto na data 19/11/2020 14:23:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5637
Data envio: 19/11/2020 14:30:34.704

grupo parlamentario popular de galicia

Ethel María Vázquez Mourelle na data 19/11/2020 14:23:58

Daniel Vega Pérez na data 19/11/2020 14:24:22

Borja Verea Fraiz na data 19/11/2020 14:24:50

Rubén Lorenzo Gómez na data 19/11/2020 14:27:34

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGKBWs39S9P1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/